

vilalba

Arranca un proxecto piloto de recollida de materia orgánica. **Páx. 5**

as pontes

Aprobado un orzamento de case 16 millóns de euros para o 2024. **Páx. 9**

castro de rei

Inician o trámite para ter a distinción turística para o Antroido de Val de Francos. **Páx. 19**

cospeito

Falamos coa oposición do concello, que encabeza Daniel Irimia. **Páx. 23**

xermade

Roupar contará cun centro para maiores na Casa da Veciñanza. **Páx. 24**

A Pravia, a exame

Un estudo determinará finalmente cal será o sentido do tráfico na arteria principal da localidade para poñer fin á polémica



O calendario feiral da comarca non para

As feiras do Ferro, en Riotorto, e da Filloa, en Muimenta, próximas citas. **Páxs. 18 e 22**

Os 67 concellos optan a 25 millóns

A Plan Deputación repartirase, por cuarto ano, no tecido socioeconómico da provincia. **Páx. 27**

Riotorto e Abadín terán residencia

A Xunta deu a conformidade aos dous proxectos, xunto a outros 24 para maiores. **Páx. 29**

A parroquia de Árbol



Entrevista coa tesoureira da asociación veciñal. **Páx. 6**

Alfombristas das Pontes



Uns 127 afeccionados forman a asociación Pétalo. **Páx. 11**

O Castro de Saa



Reportaxe cos datos dos achados da última escavación. **Páx. 16**



A vida soa xenial, non a perdas!

Ven a coñecer a última tecnoloxía en audífonos dixitais



Revisión auditiva completa gratuita. Pide a túa cita sen compromiso.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9, Vilalba.
Avda. de Galicia, 91, As Pontes.
Nº R.S. E-27-000011 / E-27-000011 - Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

Rouco inicia visitas a veciños centenarios



A rexedora vilalbesa, Marta Rouco, visitou a Josefa Piñeiro, veciña do barrio de Carreiroa, na parroquia de Lanzós, con motivo do seu 101 aniversario e aproveitou para agasallala cun ramo de flores e intercambiar unha agradábel conversa coa protagonista.

Con esta primeira visita, a alcaldesa pon en marcha unha iniciativa mediante a cal visitará a todos os veciños e veciñas de Vilalba que cumpran durante este ano a centuria ou que xa a superen. Deste xeito, Marta Rouco acudirá persoalmente ao domicilio dos e das protagonistas desta proposta, coa que pretende “amosarlle ás persoas máis maiores do concello a importancia que teñen para nós”, aproveitando a ocasión para agasallalas

cun presente “como mostra de agradecemento e para manifestar o compromiso do goberno local co coidado e a atención das persoas maiores”.

Julia García soprou as 101 cadeas para conmemorar unha cifra de idade á que non todos teñen o luxo de chegar. E precisamente, esa cifra extraordinaria, que o Concello de Vilalba vén recoñecendo cunha humilde homenaxe e a entrega dun ramo de flores.

A alcaldesa de Vilalba achegouse tamén ata a parroquia de Codesido para felicitar persoalmente a Pilar Fernández, que acadou a centuria e á que a rexedora vilalbesa agasallou cun ramo de flores.

A rexedora tamén quixo agradecer a boa acollida desta nova iniciativa.

O Concello fará un estudo sobre o futuro do tráfico na rúa da Pravia

O tenente de alcalde e responsable de Mobilidade do Concello de Vilalba, Modesto Renda, informou da formalización dun contrato coa consultora especializada iPlan para a realización dun estudo de tráfico previo á reorganización do sentido circulatorio da Rúa da Pravia.

O obxectivo é claro: Facilitar a entrada tanto de visitantes coma de veciños/as do rural ao centro urbano e favorecer, así, o interese comercial dunha vila que en palabras do propio Renda “sempre foi unha vila servizos proxectada cara ás parroquias”.

“Actualmente a rúa da Pravia conta con varias paralelas que comparten con ela o mesmo sentido circulatorio e os núcleos rurais máis poboados do Concello atópanse cun moito máis difícil acceso”, explicou.

Seguindo esta lóxica, o cambio da dirección facilitaríalle a entrada ao groso da poboación rural, principal consumidora do comercio e a hostalería de Vilalba.



Ademais, e na liña de primar o interese comercial ao tempo que se mellora a mobilidade, o tenente de alcalde lembrou tamén que a outra grande parte dos consumidores do comercio e a hostalería local son veciños/as de concellos limítrofes como Xermade, As Pontes ou Ferrol e que entran a Vilalba pola A8 e a AG64. A actual dirección na rúa da Pravia contravén o que sempre foi un acceso natural e neste senso tamén se

pronunciará o estudo.

Por último, Renda non quixo deixar pasar o feito de que a actual dirección da rúa da Pravia contravén, así mesmo, a entrada natural á vila do Camiño de Santiago (Camiño Norte) e é aí onde a empresa tamén deberá arroxar solucións pois, no marco de esixencias do Concello, Renda definiu como prioritario a mellora das conexións de tráfico e peonís dende a propia rúa da Pravia ata o casco histórico.

Baruk Domínguez pasa a dirixir a asociación da Banda de música

A Asociación Cultural Banda de Música de Vilalba vén de renovar a súa xunta directiva ata o ano 2026, con Baruk Domínguez Grandío como presidente. O novo responsable xa era vogal da anterior directiva, e mesmo exerceu de vicepresidente, labor compartido con outras responsabilidades dentro do tecido asociativo vilalbés. Substitúe a Alejandra

Vázquez Noche. Tamén deixan a directiva Ramón Guntín Mato, José Ramón Saborido Roca e Marta Pumarés Guntín.

A nova xunta directiva será unha mestura de “experiencia e xuventude”, sinalou Domínguez, xa que ao seu carón estará como secretaria Alba Irimia Paz, e novo tesoureiro, Xosé Fernández Rodríguez.



ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce



construferr
Saneamentos, construción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

MATERIALES
DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

Conta atrás para o FIV 2024

A organización do FIV 2024 fixo públicas máis novidades sobre o FIV; concretamente dous novos artistas que se suman a un cartel xa de por si completo.

Deste modo o programa establecía que o venres 26 actuarán Dorian, veintiuno, Grande Amore, Mondra, Eme DJ e Señora DJ. Deixando para o sábado a Iván Ferreiro, El columpio asesino, Niña polaca, Lontreira, Serial Killerz, a Banda de Música de Vilalba e Señora DJ. Agora tamén o 27 súmase De Ninghures ao cartel como Concerto Vibra Mahou. A banda é unha das seleccionadas a través do acordo de colaboración establecido entre a cervexeira e a Fundación Paideia Galiza, co obxectivo de promover o talento e impulsar proxectos musicais incluídos dentro dos programas de aceleración promovidos pola fundación.

Grande Osso, o podcast de Café Derby 21, unha degustación da man de Arnao Vermut e o karaoke dos FIV Stars; completan a programación desta edición.

Tras esgotarse os abonos promocionais e o segundo tramo de abono Fiver xeral nas primeiras horas de saída á venda, así como tamén o



“abono Fiver” a 38 euros (+g.x) posteriormente; segue a venda o último cupo de abono xeral a 45€ (+g.x) na páxina web, así como un cupo limitado de abonos para os menores de dezaseis anos. Co desglose do programa, tamén están á venda as entradas por xornada.

Por outra banda, o Escenario Emprazadas levará a actividade do FIV ao centro histórico de Vilalba. A Concelleira de cultura, Tamara Rodríguez, agradeceu á empresa organizadora desta edición a súa total predisposición a aceptar a proposta do Concello e situar á zona vella e á Praza de Santa María como a segunda localización do evento.

O festival, que terá lugar os días 26 e 27 de abril, contará co Escenario Vibra Mahou como recinto principal de novo na praza da Constitución e o novo escenario “Emprazadas” para toda a programación diúrna e gratuíta o sábado 27.

Así, á xa tradicional actuación da Banda de Música de Vilalba súmase a sesión dj de Grande Osso, o karaoke FIV Stars para os e as que queiran ser protagonistas do festival durante unhas poucas horas e a actuación do grupo galego De Ninghures.

Ademais, e tal e como explicou Rodríguez o Parador acollerá un evento de aforo limitado, isto é: unha degustación do ribadense Arnao Vermut.

A asociación vilalbesa Sete Pontes solicitará ser Centro Comercial Aberto



A asociación de empresarios Sete Pontes de Vilalba celebrou a súa Asemblea Extraordinaria na que aproveitou para presentar o seu Plan Estratéxico para os próximos anos. Este plan inclúe, entre outras cousas, a inclusión dos comercios da Asociación como Centro Comercial Aberto, así como a solicitude de mellores clave para o noso polígono industrial: ampliación do solo empresarial, melloras no mantemento, incorporación de seguridade e a instalación dun sistema contra incendios.

Notificaron tamén a petición ao Concello para que se adhira á certificación Doing Business da Xunta. Este aspecto, aprobado en pleno no ano 2017, adquire unha relevancia especial dada a situación económica actual do Concello. Con esta certificación, o Concello pode optar a subvencións específicas para polígonos industriais, facilitando así a realización das obras necesarias.

A alcaldesa comprometeuse a levar as modificacións precisas ao pleno de maio, e unha vez aprobadas, solicitará á Xunta a incorporación de Vilalba como Concello Doing Busi-

ness. Pola súa parte, Vilalba Aberta comprometeuse a dotar nos próximos anos a Asociación dunha subvención nominativa para a área de comercio. O BNG comprometeuse a facilitar colaboracións coa Deputación e o Partido Popular a apoiar todas as melloras que favorezan o tecido empresarial vilalbés.

REFORMAS. Os representantes do goberno local abordaron cos empresarios vilalbeses cales son as principais necesidades do polígono Sete Pontes e as melloras e actuacións que se prevén levar a cabo. Realizará tarefas de pintado e sinalización horizontal e vertical das rúas e os espazos públicos do polígono industrial, que contan cun orzamento de 17.800 euros. As actuacións inclúen a limpeza e roza do parque empresarial, o pintado de máis de 13.000 metros de liña continua e discontinua, máis de 1.000 metros cadrados de pasos de peóns e a instalación de numerosas sinais horizontais e verticais. De cara ao futuro, prevé unha renovación do alumbeado público para o que solicitou unha subvención cun orzamento de 109.075,07 euros.

FESTA DO QUEIXO

Vilalba viviu a XXVIII Festa do Queixo cun importante éxito de público, dividido en dúas xornadas. Milleiros de persoas encheron as rúas para dar pulo a esta cita cun dos produtos estrela da comarca. Sete queixeiros puxeron á venda 5 mil quilos deste produto no elaborado con leite de 376 gandarías inscritas na Denominación de Orixe Protexida. Contou cun programa completo con obradoiros, música e o prego de Sergio Pazos.



FIBRA CON WIFI6

adamo
Fibra · Móbil · Fixo · TV



Fibra 1.000 Mb
Móbil 20 GB

+ 10 GB Extra GRATIS

25€
/mes

Durante 9 meses 41€/mes



Con regalo Amazon.es

*Aplicanse restricións. Ver os detalles en:
amazon.es/cheques-regalo-condiciones

Se tes un familiar ou veciño de +65 anos, temos unha **OFERTA ESPECIAL** para el

Chama gratis ao **900 651 679**

adamo.es

AS PROPOSTAS DO PARTIDO POPULAR



O RURAL MÁIS VIVO. Os concelleiros do PP de Vilalba defenderon unha proposta para recuperar neste 2024 o programa *O Rural Máis Vivo*, a través do que levar a cabo cursos de temáticas variadas en tódalas parroquias do noso concello. Este programa foi ideado e posto en marcha polo goberno do Partido Popular en colaboración coa Cruz Vermella co obxectivo de “dinamizar a vida social no rural do noso municipio”. O programa permitiu achegar talleres de memoria, clases de ximnasia de mantemento e actividade física, cursos de primeiros auxilios ou de autoestima e valoración da muller ás distintas parroquias.

COLEXIO BELESAR. Os concelleiros do PP piden ao goberno a limpeza da parcela do CEIP Castelao de Belesar na maior brevidade posible e as reparacións necesarias para o mantemento básico do edificio. Os populares veñen denunciando o abandono e falta da atención dalgunhas instalacións de titularidade municipal por parte do goberno bipartito e nesta ocasión avanza que esixirán estas actuacións no pleno “por razóns de salubridade pública ante o estado da parcela” e “para evitar o deterioro”.

CEMITERIO. “Ante o estado de abandono” que presenta o cemiterio municipal, os concelleiros do Partido Popular urxen ao equipo de goberno a proceder á súa limpeza inmediata e ao deseño dun plan de limpeza e acondicionamento periódico. Igualmente, inciden en que o goberno local “garanta a apertura do cemiterio no horario establecido e como se indica á entrada do recinto. Acumúlanse as flores sen retirar dende fai semanas e vanse

espallando polo cemiterio que está sen varrer nin acondicionar”, explican. É máis, “hai tempo que non se limpan os corredores e foron creando verdor que pode resultar esvaradio e polo tanto perigoso para os visitantes”.

NOCHE. Urxen tamén a renovación do alumbeado público da parroquia de Noche mediante cabreado e luminarias de tecnoloxía LED en lugar de equipos con alimentación de enerxía solar como propón o equipo de goberno para substituír as existentes. Trátase dunha petición dos veciños que, durante unha reunión cos concelleiros populares, amosaron a súa preocupación ante a proposta do goberno local xa que dubidan de que a nova instalación garanta unhas condicións de iluminación, tanto nas horas de funcionamento como na cantidade lumínica, en igualdade de condicións que o resto de veciños.

MUPAV. O Grupo tamén propuxo que o Concello inicie un expediente para solicitar a colaboración da Deputación de Lugo para que o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (MUPAV) se integre na Rede Museística Provincial. Os populares propoñen esta iniciativa para evitar a desaparición “dunha institución de gran valor histórico, cultural e pedagóxico do noso municipio” que leva tempo pechado debido ás deficiencias que presenta o inmueble e ante as que o goberno local socialista non fixo nada”.

ROTONDA. Os concelleiros do PP destacan a rápida resposta da Xunta para acometer traballos de conservación e mellora do firme na rotonda de acceso ao polígono e na vía LU-861 que comunica coa A-8.

Modesto Renda continúa con obras en accesos e vías do rural

O tenente de alcalde Modesto Renda informou durante este mes da realización de varias obras de mellora en zonas do rural vilalbés. Así, unha das parroquias onde se actuou foi en Lanzós, con rebacheos de varios tramos.

Concretamente, os traballos realizáronse nas vías que comunican o barrio de Moreda cos barrios do Curadoiro e de Ladrela e está nova actuación foi, dende o inicio da lexislatura, das máis solicitadas pola veciñanza da parroquia.

Esta é a primeira actuación de conservación acometida polo Concello no que vai de lexislatura e Renda anunciou que a súa vontade como responsable de Infraestruturas Rurais é a de seguir complementando as obras de rexeneración e renovación completa con actuacións máis selectivas coma esta, a fin de aumentar a vida útil das estradas. Renda anunciou tamén a renovación



e mellora do acceso ao barrio da Lama na parroquia de Insua. Financiada ó 100% con cargo ao remanente municipal, o custe desta nova actuación alcanzou os 18.015 euros e á necesaria limpeza de cunetas, seguiuille o reforzo do firme, a pavimentación con dobre rega asfáltica e a colocación de sinalización. En Soexo renovouse por completo a vía que une Gaián co límite con Guitiriz. Os traballos de rexeneración

realizados alcanzaron os 51.142,17 euros e informou, tamén, da mellora de todos os tramos en mal estado na continuación desta vía ata a Ponte da Saa.

Acondicionouse así mesmo o camiño de acceso ó Vilar de Pígara, na parroquia de Goiriz. Trátase dunha vía que, na actualidade, dá servizo a unha decena de vivendas e a cuxo deterioro de anos, había que sumarlle a ausencia de canalización.

As festas de Vilalba volverán ser organizadas por unha comisión

A responsable de Cultura Tamara Rodríguez reuniuse coa recentemente constituída Comisión de Festas San Ramón e Santa María 2024.

Logo de varios anos organizando os festexos e sendo a responsable dos últimos a propia Rodríguez, o Concello de Vilalba tomou, de cara a este 2024 “e por responsabilidade financeira”, a decisión de volver confiar na fórmula da comisión e concederlle unha subvención nominativa co ánimo de colaborar do mesmo xeito que se vén facendo, por exemplo, nas parroquias do rural.

Tal e como explicou Rodríguez, a necesidade de sacar adiante contratacións pendentes como a da recollida do lixo e a do Servizo de Axuda no Fogar, facía “inviábil cadrar nos orzamentos deste ano e a organización ao 100% municipal das festas e nese senso de responsabilidade tomouse



a decisión. Os/as membros/as fundadores/as da Asociación son Santiago Ramón Cela Díaz, xubilado veciño das Pedreiras que exercerá de presidente; Cristina Camba, membro da Asociación Cultural Entre Lusco e Fusco, como secretaria, Sonia Prieto Graña, traballadora no sector privado, como vicepresidenta; Marta Vilasuso Bellas, como tesoureira, e acom-

pañanlles Vicente Currás, da Coral Polifónica e Charanga de Vilalba, que xunto con Charlie Rego Puente figuran como vogais.

Todos os seus membros están de acordo en que a motivación principal que os/as moveu a tomar a decisión de aceptar este traballo foi o desexo de que Vilalba non quedara sen festas, e por iso a súa prioridade é conseguir sacalas adiante.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



Arranca un proxecto piloto de recollida de materia orgánica

O Concello de Vilalba anunciou a posta en marcha dun proxecto piloto de recollida e reciclaxe da materia orgánica que comezará o vindeiro luns 22 de abril coa instalación de nove colectores marróns en diferentes rúas de Vilalba. Ditos colectores estarán dedicados exclusivamente á recollida de materia orgánica e será necesario recoller previamente no Concello unha chave para poder depositar os residuos neles.

A instalación deses 9 colectores marróns realizarase o vindeiro luns 22 de abril e funcionará como un proxecto piloto a partir do cal se estudará a viabilidade de estender a recollida da materia orgánica en todo o casco urbano da vila, de tal forma que se promova a reciclaxe na cidadanía e Vilalba se converta nun concello comprometido co medio ambiente.

Polo momento, como comezo da iniciativa, o Concello difundirá a información relativa á recollida da mate-



ria orgánica baixo a campaña *Vilalba orgánica*, na que se repartirán trípticos informativos nos supermercados e centros educativos vilalbeses para que todas as persoas poidan coñecer os detalles e a información relativa ao funcionamento dos colectores marróns. Así mesmo, tamén a través das redes sociais o Concello de Vilalba facilitará información á veciñanza sobre o funcionamento da recollida da materia orgánica e colgará carteis informativos que tamén permitirán o acceso virtual aos trípticos infor-

mativos. Todas as persoas interesadas en sumarse ao proxecto piloto da recollida da materia orgánica poden pasar pola Casa do Concello, concretamente polo punto de información da planta baixa, para recoller a chave (unha por domicilio) que dá acceso aos colectores marróns.

Pois, ditos dispositivos precisan dunha chave para ser empregados e nos que é necesario depositar a materia, sempre, en bolsas compostables para que non se prexudique o proceso.

O Sergas cede a Cruz Vermella Vilalba unha sala do centro de saúde

O xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares Rico, e o xefe de servizo de Atención Primaria de Vilalba, Isidro Álvarez Chorén, asinaron un acordo de colaboración para a cesión do uso dunha sala no centro de saúde de Vilalba a Cruz Vermella. No acto tamén estivo presente Carlos Cea, responsable comarcal da Cruz Vermella Española en Vilalba.

A cesión desta sala do centro de saúde a Cruz Vermella ten como finalidade realizar actividades comunitarias de prevención e promoción da saúde, vinculadas ao desenvolvemento do Plan Local de Saúde que leva a cabo este centro sanitario.

No local poderán desenvolverse programas de acción comunitaria vinculadas ao desenvolvemento do Plan Local de Saúde que leva a cabo o centro de saúde vilalbés, e

que busca o empoderamento dos cidadáns e a participación activa no sistema sanitario de entidades, estamentos e outras organizacións. Entre as actividades que nos vindeiros meses realizará no centro de saúde esta entidade figuran as seguintes: estimulación cognitiva e arteterapia, alfabetización dixital, educación ambiental, obradoiros de reciclaxe, xornadas e xogos interxeracionais, educación para a saúde, detección e protección fronte ao desenvolvemento de enfermidades cardiovasculares, detección e xestión de recursos para persoas con alzhéimer e párkinson, alimentación e hábitos saudables, primeiros auxilios básicos, andains saudables, programas de saúde feminina, entre outras.

Atención Primaria de Vilalba agrupa centros de saúde de cinco concellos: Vilalba, Xermade, Abadín, Muras e Cospeito.

O CIM municipal recibe cada semana máis de 20 consultas

O Centro de Información á Muller (CIM) pechou o ano 2023 con 1.078 consultas, máis de 20 semanais, a maior parte de asesoramento xurídico e atención psicolóxica. A directora, Ana Berta Pardo, concreta que “os motivos de consulta son moi variados, moitos relacionados co Dereito de Familia e estranxeiría, cuestións sobre divorcios, separacións, orientación laboral, temas de servizos sociais ou conciliación”.

“Aínda que a maioría das consultas

as fan as mulleres, tamén veñen homes ao CIM”, engade a súa directora, que xunto a unha psicóloga son as encargadas de atender as consultas. Polo que respecta aos casos de violencia de xénero, no CIM atenden actualmente a unhas 15 mulleres, e en Vilalba hai 20 ordes de protección en vigor e 30 casos activos no sistema Viogen.

“Dámoslle unha atención integral, e por suposto é moi importante que unha muller veña canto antes se ten

algún problema de violencia de xénero, elas ou algunha persoa do seu entorno”, engade Ana Berta Pardo.

A directora do CIM advirte do “aumento dos casos e consultas por violencia de xénero entre a xente máis nova, incluso menores de idade”, de aí tamén o incremento das actividades de concienciación entre o alumnado dos centros educativos de Vilalba, en coordinación ademais coa axente de Igualdade de Vilalba, Xiomara Lazo.

ESTREA DE CINE NO AUDITORIO



O equipo de *Tratamos demasiado bien a las mujeres*, de Ficción Producciones, regresou a Vilalba para compartir un pase especial co público deste concello lugués, que acolleu hai un ano a maior parte da filmación desta película no edificio da Escola Habanera que se conserva na parroquia de San Simón da Costa. A súa gravación levouse a cabo integramente en Galicia a través do fondo para a atracción de rodaxes do Hub Audiovisual.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica TEST dental

EN BREVE

LADRA. Os veciños das parroquias vilalbesas de Ladra, Noche e Nete continúan coa Festa da Amizade, que vai pola quinta edición e que este ano terá lugar en Ladra o 13 de abril. A xornada arrincará ás 13.30 horas cunha sesión vermú amenizada por La Bamba, que estará tamén pola noite xunto ao dúo Dilema. Precisamente Dilema e tamén Mesura de Nete darán o toque musical ao xantar, que se desenvolverá servido polo catering Chao da Brea. Celebraranse sorteos ao longo de toda a tarde e haberá colchonetas para os máis pequenos.

NETE. Nete acollerá un segundo curso de cociña de aproveitamento. Será impartido por Miguel Ángel Díaz Fraga, chef do restaurante A Nova Ruta, con acreditada e recoñecida experiencia. O curso desenvolverase na Escola todos os luns de 17.00 a 20.00 horas, comezando o 15 de abril e rematando o 3 de xuño. As persoas que desexen apuntarse poden facelo ata o 12 de abril no teléfono 646 006 167.

NAUSTI. A asociación veciña Nausti, convoca unha excursión á Costa da Morte o 27 de abril. Esta sairá ás 8.00 horas do restaurante Nova Ruta. Farase almorzo en ruta e visita ao castelo de Vimianzo en Muxía. Está previsto o xantar en Cee e, pola tarde, visitas á cascada de Ézaro-Corcubión e Finisterre. O prezo é de 40 euros para socios e de 45 para non socios. A data límite é o 22 de abril.

INSUA. A Asociación de Mulleres Rurais San Bartolomeu de Insua organiza un curso de elaboración de conservas vexetais. Será o domingo 14 (de 10:00 a 14:00 horas) a cargo de Amparo Grandío Rodríguez, licenciada en Ciencias e Tecnoloxía dos Alimentos. Está dirixido a emprendedores, persoal gastronómico, e toda persoa interesada.

“O proxecto máis inmediato é a renovación do noso local social”

Beatriz Díaz é a tesoureira da asociación Cultural e Deportiva de Árbol

Cando naceu a asociación e que percorrido tivo nestes anos?

A Asociación Cultural e Deportiva de Árbol nace en outubro do 2013, e xorde como unha xuntanza dun grupo de familias que decidimos seguir reuníndonos cando o tema de Preescolar na casa rematou. Ademais marcamos que tiñamos que xuntarnos unha vez ao mes. Unha das mamás propuxo facer unha asociación e as demais familias dixemos adiante. Así que podemos dicir que esta asociación xorde a partir dos nenos.

Quen forma parte da directiva actual e cantos socios son?

Xa son 11 anos coa mesma directiva, a mesma que a creou, non cambiamos nada. Actualmente somos 150 socios. Tivemos anos que superamos os 200 pero agora somos algún menos. O presidente é Jesús Vigo; a vicepresidenta Neli Alvareño e a secretaria Paula Seoane. Ademais, Lito, Lino, Patri e Berta son vogais.

Cales son as actividades máis habituais?

Nos primeiros anos tivemos moitas actividades ao longo de todo o ano, facíamos cursos de cociña, de baile, de manualidades, pintura; fixemos tamén algún de fitosanitarios, xardinería, etc. Nos primeiros anos tivemos moita actividade pero hai dúas actividades que se mantiveron ao longo ata hoxe, unha delas é a de música tradicional, de onde xurdiu posteriormente o grupo Cerna de Árbol, que a día de hoxe segue funcionando, grupo que participa nas actividades do Concello e tamén nas festas da parroquia. Hai outra, que son as clases de teatro, que comezaron no 2019 e se manteñen tamén ata hoxe. De aí naceu outra forma-



ción, Borquete Teatro. Empezamos con oito microescenas de teatro, comedia e drama e representámo-las unicamente para a parroquia. Despois sacamos a primeira obra, O Velorio, que representamos nos concellos da contorna e que temos desde hai dous anos no programa, representándoa a través do programa Buxiganga da Deputación. Este ano estreamos nova obra!

Pero tamén fan outras actividades, non?

Ademais destas actividades, facemos un par de excursións a longo de todo o ano. Incluso chegamos a facer algunha vez unha longa de tres días, encamiñadas máis aos nenos. Así, un ano estivemos en Cabárceno e outro fomos á Warner, a Madrid. Realizamos tamén un par de campionatos de tute ao ano, unha actividade que gusta moito á xente porque pasan unha tarde distinta. Facemos tamén o magosto, que foi a primeira actividade coa que iniciamos a asociación. Fixémola coa idea de xuntar á xente para explicarlle porque íamos fundar a asociación e o que íamos facer. Esta é outra das que se mantén no tempo, porque a usamos tamén para a renovación de cotas.

Outra actividade que tivo e ten moito éxito é a chegada de Papá Noel. Naquel tempo non había esta figura pola contorna. Só había cabalgatas, así que quixemos facer algo distinto. Construímos un carro, tirado por quads, no que o levábase a percorrer a parroquia para rematar no local social, que é a escola, e alí recibía aos nenos. Ademais da recepción todos os anos temos algunha sorpresa. É unha actividade na que foi medrando o número de nenos que asisten.

Contan tamén cunha comparsa de Entroido moi coñecida.

Fai oito anos, un grupo de amigos decidiron organizarse para formar unha comparsa de Entroido. Nos seus inicios eran arredor de 30 persoas, pero agora quedan máis ou menos a metade. O primeiro disfrace foi o xogo do dominó, seguido da Arca de Xosé, Os de fóra, Os Estacionados e Os Argalleiros. Despois do parón da pandemia volvemos con máis forza, con Viaxa con nós, e este ano tocou Os Meigallos. A idea de disfrace é combinar o tradicional co moderno e contar sempre con elementos naturais, que son a súa característica. Contamos con varios premios, pero

o mellor sen dúbida son as fins de semana previas, nas que os membros se reúnen para preparalo todo e o pasan de marabilla.

Como se presenta o ano? Que actividades hai previstas?

Este ano temos agora en marcha as clases de ximnasia para maiores e o curso de manualidades. Tamén temos zumba e as clases de teatro e música tradicional. Está en mente facer o campionato de tute e tamén unha viaxe.

Hai outros proxectos máis de cara ao futuro?

De cara ao futuro o proxecto máis inmediato é a renovación do local social. A nosa base está na Escola do Santo. O local cando o collemos estaba moi deteriorado. Seguimos levando o mantemento, tanto dos arredores como do interior, pero necesita unha reforma para poder usalo en condicións. Temos catro aulas pero son moi pequenas para a xente que albergamos nas distintas actividades. Tamén temos en mente o cambio do lousado do local porque temos goteiras.

De que logros séntense máis orgullosos?

Ademais de crear a asociación, de facer amigos. Estas familias que nos xuntamos somos xa algo máis que veciños, somos grandes amigos. Once anos que levamos sempre os mesmos, ao final con estas xuntanzas o que fas é crear familia. Tamén podemos sentirnos orgullosos de ter un local social en condicións, que estaba abandonado totalmente e que melloramos para ofrecer unha oportunidade para compartir.

Que necesidades teñen?

Precisamente o arranxo do local social é unha das necesidades máis importantes que temos, e tamén a máis urgente.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

A asociación mantense grazas ás axudas por parte da Deputación, do Concello, e ás cotas que se cobran anualmente o día no que celebramos o Magosto.



EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatológico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com



MOBILRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



PLAMOBLE

Vilalba inviste en maquinaria para traballos no medio ambiente

O Concello vén de presentar a documentación para poder recibir os máis de 190.000 euros que lle corresponden do Fondo de Compensación Ambiental e na que incluíu a compra de maquinaria para a realización de traballos no medio ambiente e a contratación de persoal na época estival para realizar o mantemento do paseo fluvial e a área recreativa do río Madalena.

En concreto, incluíu na convocatoria das axudas un orzamento de 153.487,55 euros destinados á adquisición de maquinaria autopropulsada e de man.

Entre ditas ferramentas, prevese a compra dunha trituradora articulada lateral, unha biotrituradora, unha plataforma elevadora para poda en altura, unha podadora en altura acoplada a tractor, un tractor compacto e unha trituradora multifunción.

Pola súa banda, o orzamento presentado tamén recolle a adquisición de maquinaria de uso por operarios entre a que se incluíron dúas motoseras profesionais, unha motoserra de man, unha motoserra telescópica, un curtasetos de man, un curtasetos telescópico, catro desbrozadoras profesionais de man, dúas motoseras profesionais dunha sola



man, un corta céspede e un soprador accionado a gasolina.

AXILIDADE. “A compra desta maquinaria permitiríanos axilizar os traballos de mantemento das zonas verdes e mellorar as actuacións no medio ambiente, dúas cuestións fundamentais neste momento”, asegurou a rexedora, Marta Rouco, quen ademais explicou que “dispoñer destas ferramentas no Concello permitiríanos realizar a nós actuacións como o desbroce das vías municipais, a limpeza das cunetas ou a apertura das mesmas, traballos que na actualidade temos externalizados porque non dispoñemos da maquinaria necesaria para facelo”.

Ademais, a alcaldesa destacou “a importancia de manter os nosos espazos verdes coidados para preservar e poñer en valor o patrimonio natural do noso municipio”, polo que o Concello de Vilalba tamén incluíu na convocatoria un orzamento de 50.142,75 euros para as actuacións de mantemento do paseo fluvial e a área recreativa do río Madalena.

Ditas actuacións suporían a contratación de cinco peóns de xardinería ou da rama forestal e dous oficiais xardineiros durante tres meses no período estival para levar a cabo a corta de herba nas marxes do paseo fluvial, a retirada de ramas e lixo, así como as labores básicas de mantemento do mobiliario.

O PP impide o cambio de nome de tres edificios durante o Pleno

O Iescha non logrou de novo o acordo do Pleno da proposta de denominación da Casa da Cultura co nome de Manuel María; do Conservatorio de Música como Conservatorio de Música Santiago Mato Vizoso, e da Biblioteca Pública Municipal como Biblioteca Pública Municipal Agustín Fernández Paz. Votaron a favor desta iniciativa PSOE, BNG e Vilalba Aberta pero o PP abstívose. Como é necesario o voto de dous terzos da corporación, a proposta foi desestimada.

Os populares defenderon na súa proposta que hai un acordo por non poñer o nome de persoeros a edificios públicos e rúas, “polos problemas que poida ter no futuro”, mentres que a alcaldesa sacou a colación o nome do auditorio, destinado “a unha muller que o seu único mérito foi casarse con un político do PP”.

Nesta sesión plenaria, si se aprobaron as obras de repavimentación da rúa Conde Pallares e da Travesía que une a avenida Terra Chá coa Rúa Mondoñedo, ademais dos tra-

ballos de paso no lugar da Ribeira, na parroquia de Samarugo.

“Actuacións todas elas dirixidas a mellorar as infraestruturas públicas de Vilalba e, desta forma, a vida dos nosos veciños e veciñas”, explicou a alcaldesa, Marta Rouco.

Tamén saíu adiante a proposta de solicitude de desafección das Vivendas de Mestres na rúa Cuart de Poblet, así como diferentes mocións dos grupos políticos municipais. Foron convertidas en rogos dúas dos populares, a que pedía a reactivación do programa O rural máis vivo, xa que a alcaldesa dixo que contan cunha subvención para isto, e outra para cambiar a LED o alumeadado na parroquia de Noche. Neste último caso, os veciños tamén acudiron ao pleno para solicitar mellor iluminación que o plan previsto polo Concello.

O BNG levou tamén tres mocións, que foron aprobadas con modificacións. Unha sobre o convenio de transición xusta, a campaña de apoio a colectivos feministas e outra en contra do proxecto de Altri.

VILALBA - LUGO

26  27
ABRIL 2024

MOI #FIVERS
MOI DE #VERMÚ

ARNAO VERMUT

FIV

www.amaovermut.com

 amaovermut

 Arnao Vermut



Remata unha nova cata da Casa do Mel de Goente

A Casa do Mel de Goente acolleu unha nova edición da Cata do Mel logo que facer previamente a selección de finalistas.

Nesta edición Rubén Amarelo de Xermade fíxose con dous dos tres galardóns, foi o gañador en meles claros e na mellor mel monofloral. Ademais Amador Carballeira de Guitiriz levouse o outro premio, en categoría de meles escuros. Neste último grupo quedaron finalista Es-

tefanía López, das Pontes, e Manuel González, dos Ancares.

Os finalistas en meles claros foron Cristina Sanmartín, de Monfero, e Manuel Fernández, de Vilalba; e en monofloral Manuel Fernández, de Vilalba, e César Castro, de Viveiro. Dentro da programación tamén se incluíu a presentación do libro A cultura do mel na Costa da Morte, de Carmen Toba Trillo, que será tamén ás 18.00 horas.

Investirán na obra de mellora das avenidas de Ortigueira e de Lugo

O Concello aprobou o expediente de licitación da segunda fase das obras de mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Ortigueira. O proxecto, con orzamento de 214.886 euros con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo prioritario continuar mellorando a accesibilidade da rúa, eliminando o desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como mellorar os servizos de iluminación e saneamento, dándolle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levada a cabo polo Concello no centro urbano.

Entre os traballos inclúense a renovación da rede de saneamento e unha rede separativa de pluviais. Así mesmo, procederase á instalación de alumeadado público. Ademais no paso peonil instalaranse faros LED.

A pavimentación da beirarrúa realizarase mediante baldosa prefabricada de cor, executándose o bordo de conexión coa calzada mediante unha fila de lastra prefabricada de formigón mentres que nos pasos de peóns disporase un pavimento diferenciado táctil seguindo a normativa de accesibilidade vixente.

Para realizar o afirmado da zona de rodaxe, procederase ao fresado e demolición daquelas zonas onde as dimensións sexan limitadas e continuarase con achega de formigón bituminoso con acabado impreso, tanto na zona de rodaxe como na de estacionamento, protexido cunha capa a base de resinas.

Os traballos concluirán coa instalación de novo mobiliario urbano (papeleiras, xardineiras e bancos) e a reposición da sinalización en toda a rúa.



AVENIDA DE LUGO. Ademais, invirtirá 165.341 euros na segunda fase das obras de mellora de servizos e pavimentos na Avenida de Lugo, entre os números 21 e 45 para solucionar os problemas de accesibilidade salvando os desniveis entre a zona de tráfico rodado e peonil.

O proxecto tamén inclúe a mellora do servizo de saneamento por medio da instalación dunha nova

rede separativa de pluviais e fecais, realizando as acometidas necesarias para conectar as edificacións existentes así como a substitución e mellora do alumeadado con novos báculos e luminarias con mellor eficiencia enerxética; unha nova capa de aglomerado en quente como nas beirarrúas peonís mediante a execución de novo pavimento de plaquetas de formigón.

ENVELLECIMENTO ACTIVO



A concelleira de Benestar Social das Pontes, Tania Pardo e o concelleiro de Medio Rural, Roberto Rivera, clausuraron, nas asociacións veciñais de San Pedro de Eume e o Paraño, as actividades do programa municipal de envellecemento activo, que ten como obxectivo mellorar a calidade de vida da veciñanza máis maior do municipio, a través de diversas actividades.

Licitan a mellora dos camiños rurais de Terbá e Pana do Curro

Veñen de saír a licitación as obras de mellora dos camiños rurais en Terbá e Pena do Curro, un proxecto cun orzamento de 55.981 euros con cargo aos Fondos Agader.

Entre os traballos previstos inclúese o varrido de superficie e limpeza de marxes así como a limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invada os viarios. Repararanse as fochancas e zonas afundidas existentes mediante a achega de pedra e unha rega asfáltico, saturado e compactado.

Así mesmo, as zonas lixeiramente deformadas regularizaranse mediante formigón bituminoso. Ademais, procederase ao fresado do firme existente para realizar correctamente o entroncamento coas estradas existentes.

O afirmado realizarase mediante a extensión e compactación dunha nova capa de rodaxe formada por 5 centímetros de formigón bituminoso. As obras rematarán coa reposición da sinalización segundo normativa.

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

HONDA XL750 Transalp
Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA
TRANSALP
Las montañas te llaman.
Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

Aprobado un orzamento de case 16 millóns de euros

O Pleno do Concello das Pontes aprobou, durante unha sesión extraordinaria, cos votos a favor do PSOE, a abstención do BNG e do PP o orzamento xeral para o ano 2024, que ascende a 15.915.654,67 euros así como o cadro de persoal, as bases de execución do propio orzamento e incremento das retribucións do persoal de limpeza, auxiliares do Servizo de Axuda a Domicilio (SAD/SAF) e peón de protección civil para acadar o salario mínimo interprofesional (SMI), establecido no Real decreto 145/2024, do 6 de febreiro de 2024.

O orzamento divídese en cinco grandes áreas de gasto, que establece os obxectivos e finalidades que persegue o grupo de goberno para o ano 2024. Así, 3,5 millóns de euros irán destinados aos servizos públicos básicos, de obrigada prestación por parte do Concello e dentro dos que se engloban servizos como a seguridade e a mobilidade cidadá, a luz, o servizo de abastecemento e saneamento, o servizo de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos ou o mantemento de

parques, zonas verdes e o lago, entre outros.

As actuacións en materia de protección social e promoción social, dentro das que se inclúen as pensións do persoal do Concello, a atención a grupos con necesidades especiais así como medidas de fomento do emprego, terán un orzamento 2,9 millóns de euros.

Todos aqueles gastos que realiza en Concello das Pontes en materia de sanidade, educación, cultura, deporte, lecer e tempo libre, e en xeral todas aquelas actividades e actuacións destinadas a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas englobanse dentro da área de gasto de produción de bens públicos de carácter preferente e ten unha dotación orzamentaria que rolda os 4,4 millóns de euros

Por outra banda, todas aquelas actuacións económicas, dirixidas a potenciar os distintos sectores de actividade así como os gastos en infraestruturas básicas e de transporte, infraestruturas agrarias, comunicacións, investigación ou desenvolvemento e innovación terán

unha consignación no orzamento que rolda o millón de euros.

Finalmente, a todas as actuacións de carácter xeral que afectan ao funcionamento diario do Concello irán destinados 3,8 millóns de euros.

Antonio Alonso subliñou que no capítulo dos investimentos que están previstos realizar durante este exercicio polo Concello das Pontes, algo máis de 700.000, permitirán acometer diversas actuacións en infraestruturas deportivas e culturais.

INGRESOS. O orzamento para o ano 2024 prevé uns ingresos, en base á evolución dos ingresos recadados nos últimos anos e baixo o criterio de prudencia, de 15.915.654,67 euros procedentes de impostos directos (IBI, BICES ou IVTM) e indirectos (ICIO), a cobranza de taxas e outros impostos (servizos deportivos, servizos educativos, servizos culturais, licenzas urbanísticas, etc), as transferencias correntes realizadas por outras administracións así como os ingresos patrimoniais (arrendamentos leiras urbanas, concesións administrativas, etc.)



Chamoselo ofrécese como vila de expansión á empresa Hijos de Rivera

O local social da Asociación de Veciños Beira do Eume acolleu un encontro entre a veciñanza, empresarios e Ignacio Rivera, presidente da corporación Hijos de Rivera, na que o alcalde exerceu de anfitrión.

Na súa intervención, González Formoso dá-lle a benvinda a Ignacio Rivera lembrando que cumpría a palabra dada á veciñanza do Chamoselo de levar ao empresario ao lugar de orixe da súa familia, xa que José María Rivera Corral, fundador da empresa e bisavó do actual presidente executivo, naceu nese lugar das Pontes no 1856.

Ignacio Rivera agradeceu o recibimento ofrecido e afirmou sentirse orgulloso das súas orixes. Tamén

quixo aproveitar a ocasión para responder ás preguntas que lle formulou o público asistente.

Os empresarios presentes neste encontro aproveitaron esta visita para lembrarlle a Ignacio Rivera que As Pontes pode ser un enclave estratéxico para a implantación dalgún proxecto empresarial da compañía, xa que conta con espazos industriais e boa comunicación coas principais arterias terrestres e marítimas de Galicia. Mesmo houbo lugar para que as estudantes de secundaria que participan nun proxecto educativo da Asociación de Empresarios Seara puidesen expresar as súas inquedanzas, ás que Ignacio Rivera animou a emprender e equivocarse.

EN BREVE

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará entre o 12 e o 15 de abril no Concello das Pontes, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15.15 a 18.00, agás o día 15, que será só de mañá. A unidade estará situada no aparcadoiro do Centro de Interpretación da Mina.

ESCOLA INFANTIL. Ata o 15 de abril está aberto o prazo de solicitude de matrícula para o curso 2024-2025 na Escola Infantil Municipal A Barosa. As solicitudes, xunto coa documentación xustificativa, poderán presentarse no Rexistro Municipal, con cita previa, chamando ao 667 129 380 ou ao 667 129 389, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica municipal.

MARCAPÁXINAS. A Biblioteca Enrique Rivera Rouco convoca a segunda edición do concurso de deseño de marcapáxinas para celebrar o Día do Libro baixo o lema Descubrindo as estrelas. Establécense cinco categorías segundo nivel educativo e as crianzas que queiran participar neste deberán presentar obras orixinais, inéditas, libres de dereitos de autor e non premiadas noutros concursos antes do 19 de abril. O fallo darase a coñecer o 23 de abril e os premios consistirán en lotes de libros e artigos de papelería.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Porta de Cima 41, Vilalba Casa / Chalet adosado 1 Dorm 0 Baños 133m ² 25.000€ Se vende en Vilalba (Lugo) una vivienda en mal estado de conservación, de unos 55 metros cuadrados por planta y un terreno a la espalda de unos 100 metros cuadrados.
Chao Ledo 1, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m ² 74.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.
Emigración, Vilalba Casa / Chalet adosado 4 Dorm 2 Baños 164m ² 95.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta vivienda unifamiliar, adosada, distribuida en dos plantas, en las que hay 4 habitaciones y sala, dos baños (uno en cada planta), cocina y un trastero. Dispone de calefacción de gas ciudad. La propiedad está dispuesta a oír ofertas sobre el precio marcado.
Mondoñedo, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 140m ² 90.000€ En Vilalba (Lugo), en concreto en la esquina de calle Mondoñedo con calle de la Feria, se vende un piso cuarto muy amplio, de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción de gas, una plaza de garaje en el mismo edificio, trastero en el bajo cubierta y ascensor.
Calle de Galicia 37, Lugo Edificio residencial 367m ² 145.000€ En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, se venden conjuntamente, dos apartamentos totalmente acondicionados y amueblados, de 61 y 51 metros cuadrados cada uno, situados en la primera planta del edificio, un segundo piso de 116 metros cuadrados dividido y con la distribución hecha, un piso tercero de 116 metros cuadrados, en plaza y sin división alguna y a mayores, cuatro trasteros acondicionados, sitos en el bajo cubierta. Los dos apartamentos están alquilados y se obtiene por ellos una renta conjunta de unos 600 € /mes.
Conde Pallares 20, Vilalba Edificio residencial 489m ² 60.000€ En la calle Conde Pallares de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un edificio repartido en un bajo de 140 metros y tres viviendas de unos 100 metros cuadrados cada una. El edificio tiene orientación Sur.
Vilar do Castelo 7, Xermade Casa rural 2 Dorm 0 Baños 184m ² 27.000€ En la localidad de Cazas, municipio de Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro, fachada y tejado en buen estado.
Refingoi, Vilalba Casa rural 2 Dorm 1 Baño 97m ² 30.000€ En la parroquia de Codesido, barrio de Refingoi, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, lista para vivir. Dispone de dos dormitorios, sala, cocina y un baño. A mayores tiene un garaje, un alpendre y un terreno de 578 metros cuadrados.
Calle Nova 18, Vilalba Casa / Chalet adosado 3 Dorm 1 Baño 124m ² 60.000€ En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar a reformar, la casa tiene una superficie, repartida en dos plantas, de 124 metros cuadrados. A mayores hay un almacén de unos 90 metros cuadrados más y la parcela tiene un total de 414 metros cuadrados. La propiedad tiene salida a dos calles.
Calle de Galicia, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 115m ² 128.000€ En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, a estrenar, de 4 habitaciones, sala, dos baños equipados y cocina. Dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Premio para o proxecto de turismo mineiro

O Ministerio de Industria e Turismo publicou a listaxe de solicitudes que obteñen financiamento na proposta de resolución provisional de concesión das axudas ao programa Experiencias Turismo España, entre as cales se atopa o proxecto Turismo mineiro -industrial do carbón. Rede de Territorios de Transición Xusta.

Este proxecto conta cunha achega de 682.500 euros, provenientes de fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

(PRTR) e está formado por seis entidades: Concello das Pontes de García Rodríguez, Deputación de Córdoba, Deputación de León, Deputación de Teruel e Hunosa, coordinado pola Fundación Ciudad da Enerxía (CIUDEN).

O obxectivo deste proxecto é a posta en valor do patrimonio mineiro -industrial asociado ao carbón das zonas de transición xusta para que sirva como base para a creación dunha experiencia turística innovadora e sostible.



Seara e alumnos do IES Castro da Uz poñen en marcha unha cooperativa

A asociación de empresarios Seara e o IES Plurilingüe Castro da Uz puxeron en marcha o proxecto PROEM, de emprendemento educativo, co alumnado de 4º ESO de Economía deste centro educativo.

Así, RecreaT As Pontes é xa unha realidade, aínda que levan traballando desde o mes de outubro, e isto é así porque por fin formalizaron a súa constitución nunha Cooperativa Educativa. A súa función, organizar campións deportivos nos recreos do colexio.

A idea deste proxecto é a realización de actividades para fomentar a relación entre o alumnado do instituto, a través da organización de campio-

natos deportivos, concursos e outras actividades.

O proxecto PROEM naceu para fomentar os valores do emprendemento entre a comunidade educativa (esforzo, responsabilidade, perseveranza...), así como desenvolver certas habilidades no alumnado (traballo en equipo, comunicación ou competencia dixital).

A Asociación de Empresarios Seara leva desde o ano 2015 traballando no proxecto PROEM, esta é a súa sexta edición.

“Estamos encantados de compartir a aula cada semana con estes cooperativistas”, afirman desde o colectivo.

María Rivas presenta os 15 novos Puntos Violeta en oficinas do SEPE

A Subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, presentou na oficina do Servizo Público de Emprego (SEPE) das Pontes os novos 15 Puntos Violeta cos que contarán todas as oficinas do organismo público na provincia e máis a Dirección Provincial. Trátase de lugares seguros para as mulleres vítimas de calquera tipo de agresión machista, onde poderán recibir información e acompañamento se así o precisan.

“Esta acción engloba no obxectivo de construír unha sociedade máis xusta e igualitaria e responde ao firme e inequívoco compromiso do Goberno de Pedro Sánchez para erradicar a violencia machista en calquera das súas formas”, sinalou a subdelegada, que valorou o impacto positivo que este tipo de accións supón na axuda ás mulleres que sofren violencia de xénero.

María Rivas considerou os Puntos Violeta como un “instrumento imprescindible” na loita contra esta



laca, pero indicou que, por moito que se acompañe das políticas transversais que está a aplicar o Goberno de España, “será insuficiente sen a concienciación e implicación de toda a sociedade”. “Temos que defender cada día os dereitos dos que gozamos porque estamos a ver o retroceso que se produce onde a ultradereita goberna”, apuntou.

A subdelegada destacou que na actualidade 2.193 mulleres na pro-

vincia da Coruña están no sistema de protección e seguimento contra a violencia de xénero do Ministerio do Interior dun total de 4.774 casos abertos en Galicia. “Os Puntos Violeta son un espazo seguro no que calquera persoa pode recibir información cualificada para saber como actuar en caso de ser vítima ou ter información sobre algún posible caso de violencia contra a muller”, dixo Rivas.

Celebran un novo Encontro Pola Igualdade

A Pontes acolleu un novo encontro da Rede pola Igualdade das Pontes, un espazo participativo que comezou a camiñar a finais do ano 2022. Tivo como finalidade poñer en valor o traballo conxunto a prol da igualdade desde ámbitos de actuación moi diversos: social, cultural, deportivo, educativo, empresarial, veciñal etc. A partir de diferentes dinámicas de traballo, as entidades puxeron en común as dificultades que atopan á hora de promover a igualdade de oportunidades desde os seus respectivos ámbitos. Foron abordadas problemáticas como a persistencia de estereotipos de xénero no ámbito laboral, a segregación ocupacional, a escasa valoración social das profesións feminizadas, a falta de responsa-

bilidade ou a carga de coidados que sofren as mulleres de forma cotiá. Nesta mesma liña, as persoas participantes tamén afondaron, desde un enfoque interseccional, nas desigualdades que as mulleres migrantes, maiores, viúvas, con discapacidade ou en situación de adicción afrontan no seu día a día.

Este encontro contribuíu a que as entidades participantes continúen coñecendo iniciativas e proxectos impulsados por outras organizacións que actúan no territorio, e a que sigan compartindo información e recursos entre elas. Púxose en valor, ademais, como as sinerxías que se crean na Rede serven para abordar as limitacións que cada entidade atopa no seu traballo cotiá e, así, crear comunidade.

Presentado o estudo de conectividade das Fragas do Eume

O Green Coworking das Pontes acolleu a presentación do Estudo de conectividade a internet da comarca do Eume, enmarcado nunha actuación contemplada no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Fragas do Eume, promovido pola Deputación da Coruña e financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Nun acto ao que asistiron representantes dos concellos da comarca do Eume, involucrados no desenvolvemento e execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Fragas do Eume, entre os que se atopan As Pontes, así como diversas empresas de telefonía e telecomunicacións de Galicia, Regueira puxo en valor o traballo conxunto de todos os concellos no desenvolvemento do proxecto.

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

A arte floral pontesa internacionalízase

Uns 127 alfombristas das Pontes únense para formar o colectivo Pétalos, co que poder participar en actividades dentro da comunidade Cidae e impulsar esta tradición con talleres e outras iniciativas

Un total de 27 alfombristas das Pontes veñen de fundar, a finais do 2023, a asociación Pétalos, como unha forma de expandir a súa arte fóra da vila e seguir aprendendo. As Pontes conta cun importante pasado alfombrista que se iniciou no ano 1988, cando un grupo de amigos xubilados aportaron a idea de realizar unha alfombra floral coa flor do Carmelo, dedicada á Virxe do Carme, patroa da vila. Ao ano seguinte non faltaron devotos da Virxe para continuar coa tradición, que se mantén ata os nosos días, sumando ano a ano participantes. Pero esta tradición ten unha orixe máis lonxe, naqueles emigrantes que recordaban con estas alfombras ás súas vilas de orixe.

O grupo de alfombristas do Carme, todos eles afeccionados e altruistas, está dirixido por Javier Acosta, membro da nova asociación e nela tamén participa practicamente desde as súas orixes Fina Penabad, que foi impulsora e polo de agora presidenta deste novo colectivo.

Despois de anos de traballo e aprendizaxe nas Pontes, xurdiu a oportunidade de seguir crecendo con Cidae (Coordinadora Internacional de Arte Efémero), formada por 13 países con tradición alfombrista. Para entrar neste programa é necesario ser unha asociación, e esa foi a razón pola que deron este paso burocrático. “É a única forma de saír do noso pobo e aprender novas técnicas e o uso de novos materiais”, explican desde a asociación.

De feito, en datas próximas, unha representación pontesa viaxará a Italia e tamén á México para facer pequenas estadias, “algo que sería impensable se non existise a asociación e non formáramos parte de Cidae.

Outro dos obxectivos de Pétalos é seguir innovando co tratamento dos

materiais, tinguiduras e triturado. As alfombras florais das Pontes caracterízanse polo uso de materiais naturais e recollidos do monte, como ourizos das castañas, flores secas e sementes, materiais que logo se transforman para crear arte.

OUTROS PROXECTOS. A alfombra das festas do Carme é unha das actividades que realizan os membros da asociación. Forma parte do seu programa pero non é a única e tampouco a prioritaria, xa que se xestiona pola súa conta. Pétalos ten un programa de actividades para os alfombristas que o desexen nas distintas vilas da contorna, como Ferrol, Santiago, Mondoñedo, etc.; e tamén ten as súas propias iniciativas na vila. Recentemente fixeron unha alfombra nas Pontes polo día contra o cancro, diante da casa consistorial. E a próxima cita será no Corpus, en asociación con Cáritas, asociación coa que traballan de forma conxunta en case todos os seus proxectos, e co colectivo Lembranza da Vila.

Farase unha alfombra na Villa. Non é a primeira vez pero levaba tempo sen facerse e a intención é recuperala. Contará coa súa versión infantil, xa que o relevo xeracional dos alfombristas das Pontes está cuberto de sobra. “Nunha actividade realizada para os maiores, participaron preto de 50 cativos e mozos, o que obrigou a utilizar os locais de Cáritas para poder acoller a todos os voluntarios”, explican.

Ademais, para manter a idea do relevo, o obxectivo da asociación é realizar talleres formativos para poder traspasar a tradición.

UNHA FONDA TRADICIÓN. “As Pontes é o berce de bos alfombristas”, asegura Penabad, e este ano estarán



representados na alfombra que se realizará na Festa de Santiago Apóstolo, o Día Grande de Galicia.

Naceu esta afección coa devoción á Virxe do Carme e, en especial nos últimos anos, conta cun amplo apoio do Concello, como explicou a dirección da asociación. “É moi pouco común este apoio. Nas máis de cen

Recuperarán no Corpus as alfombras, unha para adultos e outra para nenos

localidades galegas con esta tradición moi poucos concellos teñen o grao de implicación que ten o das Pontes. Hai que dar grazas non só polo financiamento, senón tamén

porque poñen o local e o persoal para o traslado, por exemplo”, din. Ademais, contan con moitos veciños e veciñas que aportan materiais diferentes e que traballan tamén nos talleres picando o verde e as frores, nas xornadas previas.

O colectivo explica a vinculación que ten As Pontes coa súa alfombra. “Somos unha comunidade moi ampla e variada non só en idade, senón tamén en cultura e costumes. Porque non só é traballar xuntos, compartimos cultura, gastronomía e tradicións porque o alfombrismo é convivencia”, explican. Esa convivencia reúne a devotos da Virxe e persoas alleas á relixión pero que teñen unha pertenza coa vila e os seus costumes. Ademais, esta arte busca a través do colectivo internacional Cidae, no que están países como México, Bélxica, Italia ou Malta, ser Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

Celebrase o Día do Libro durante todo o mes de abril con varios actos

A Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco e o departamento de Cultura celebran durante todo o mes de abril o Día Internacional do Libro que se conmemora o día 23 deste mes.

Dentro deste mesmo programa, que se iniciou o día 3, os xoves 11 e 18 de abril, o público máis novo da vila poderá gozar cos espectáculos Burromaquia de Ignacio Vilariño e O lapis de Martín de Sarabela Teatro, ambas representacións serán ás 18:00 horas, na Casa Dopeso.

A continuación, ás 20:00 horas, na Casa Dopeso, proxectarase o filme *Conociendo a Astrid*, biopic da escritora sueca Astrid Lindgren, creadora de *Pippi Calzaslargas*, que acabou converténdose nun fenómeno mundial para varias xeracións de nenos e adultos.

Esta proxección forma parte do videoforum programado polo Concello das Pontes con motivo do Día do Libro, ideado como un espazo de reflexión arredor da literatura e o cine e no que se inclúen os filmes *Stefan Zweig: Adiós a Europa*, biopic sobre o intelectual austríaco Stefan Zweig; *Rebelde entre el centeno*, filme sobre a vida do escritor J. D. Salinger durante e despois da Segunda Guerra Mundial, e *Sueños de una escritora en Nueva York*, película que narra a historia dunha moza que persegue o soño de converterse nunha escritora de éxito. As proxeccións serán os xoves 11, 18 e 25 de abril, ás 20:00 horas, na Casa Dopeso.

Xa o 23 de abril, Día Internacional do Libro, a partir das 18:00 horas, a Biblioteca Municipal acollerá os actos centrais, coa entrega de premios da segunda edición do concurso de deseño de marcapáxinas e o concerto *Onda Mini* de MamaCabra.

O Campus Terra proba a roza biolóxica como alternativa económica

A roza biolóxica antóllase como unha alternativa máis económica e, sobre todo, máis sustentable que os procedementos mecánicos, para controlar a vexetación naquelas áreas de monte polas que discorren liñas de tendido eléctrico. Así se desprende das primeiras estimacións do proxecto Pastando en REDe, unha iniciativa de carácter experimental que está a desenvolver en áreas dos concellos de Friol e Maceda o grupo de investigación en Sistemas Agroforestais e Agroecolóxicos, coordinado por Rosa Mosquera Losada.

Esta investigadora sinalou asemade que, alén dos beneficios xa citados, o control biolóxico da biomasa con pastoreo extensivo facilita a cadea de valor das pe-

quenas explotacións gandeiras e favorecer a remuda xeracional a través da visualización dunha nova forma de emprego tradicional con potencialidades para atraer e fixar poboación e que tamén axuda a evitar desigualdades entre o binomio campo-cidade.

Respecto das experiencias xa en marcha, a coordinadora comentou que logo de seleccionar dúas parcelas nos concellos de Friol e de Maceda nos que se estaban a realizar labores de control de biomasa con medios mecánicos, os investigadores da USC delimitaron zonas lindesiras nas que soltaron cabras de carne e vacas de raza vienesa, respectivamente, a fin de avaliar e comparar así os efectos da zona mecanizada cos da roza biolóxica do gando en extensivo.

Friol participa nun programa de intercambio de adultos con Italia

O Instituto d'Instruccion Superior Merendino (Capo D'Orlando, Italia), o Colexio Liceo La Paz e o Concello de Friol acaban de comezar unha colaboración innovadora coa que buscan crear unha experiencia educativa á vez que inmersiva para os estudantes de Formación Profesional do Instituto Italiano. Esta iniciativa ten como obxectivo principal a inclusión laboral de adultos entre 40 e 50 anos que buscan reintegrarse ao sistema educativo.

Durante a pasada semana, a directora Técnica, a subdirectora e a directora Financeira do Instituto d'Instruccion Superior Merendino visitaron o CPR Liceo La Paz para levar a cabo unha visita preparatoria, no marco dun proxecto de mobilidade Erasmus+. Ademais de coñecer de primeira man o centro educativo, durante a súa estancia, tamén foron recibidas por figuras locais do Concello de Friol, incluíndo a María Ángeles Buján Burgo, concelleira de Cultura e Turismo do Concello de Friol; Lorena Ló-



pez, xerente do GDR 4 Comarca de Lugo; Isabelle Gómez, CEO de Tralo Agro; Nerea Cobas Loureiro, encargada de Administración da Queixería Casa Zolle; e Isabel Fernández Penas, axudante de Panadería en Panadería Suso. Destacando así o papel crucial da muller na contorna rural e nos sectores empresariais do Concello de Friol.

O impulso inicial para este proxecto xurdiu cando Ramón Villa Menéndez de Language Kingdom púxose

en contacto coas Coordinadoras de Proxectos Internacionais do CPR Liceo La Paz da Coruña, Alexandra Pouse Moura e Jennifer Meléndez Loces, para establecer a ligazón entre o centro italiano e o centro galego.

Acordouse organizar visitas formativas ás empresas do Concello de Friol coa intención de destacar a contorna rural galego como un exemplo de desenvolvemento empresarial sostible e un próspero destino Erasmus.

REDE MUSEÍSTICA



A Rede Museística Provincial de Lugo aterra no CPI Dr. López Suárez, para traballar co alumnado de Educación Primaria cuestións relativas ao patrimonio, á cultura, á comunidade e ao territorio. Durante unha intensa xornada, as crianzas trataron todas estas cuestións en clave inclusiva: traballaron co Mapa de Fontán para analizar o seu territorio, analizaron as tallas de Asorey para conmemorar o Día das Artes Galegas dedicado ao escultor e coñeceron obras senlleiras dos museos como a Escola Doloriñas de Xulia Minguillón. Ademais, todas as accións foron acompañadas de actividades inclusivas, como a mostra de pictogramas para persoas neurodiverxentes e visitas guiadas con material en braille, pezas táctiles, soportes con distintas texturas, etc

Rematan as obras da praza Curros Enríquez e da cuberta do colexio

O Concello e Friol vén de rematar dúas obras no concello de diferente índole. Por unha banda remataron as obras e humanización da praza Curros Enríquez. Trátase duns traballos efectuados polos alumnos do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII.

As accións consistiron no nivelado coa beirarrúa, o empedrado da zona e a colocación de luminarias, entre outros traballos.

Pola outra continúa a mellorarse a infraestrutura do CPI Doutor López Suárez. O centro conta desde agora cunha cuberta



que facilita a entrada de nenos e nenas nos días de choiva. Foi o Concello o que asumiu o cus-

to íntegro desta estrutura, 8.000 euros, tanto a elaboración como a montaxe.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA
NUESTRA CARTA
BACIONES
REVUELTOS
ALCO
HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
RAXO
PATATAS
SABOREAR
TORTILLAS
COMPARTIR
TAPAS

Asesoría Enerxética
Terra Chá



CONTRATAÇÃO - RECLAMAÇÕES
SUBVENCIÓNS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



A Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá volveu brillar na XXX edición

A celebración da XXX Feira do Queixo e Pan de Ousá, no concello de Friol, foi un novo éxito, con miles de persoas e os produtos á venda practicamente esgotados. Destacaba o feito de que esta é a segunda na que ten o título de Festa de Interese Turístico Galego. No encontro deste ano participaron miles de persoas que puideron degustar algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 60 queixerías e cinco panaderías da zona. En total vendéronse arredor de 13.000 queixos e máis de 3.500 pans. O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores

na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa situáronse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil, repartidos pola praza Rosalía de Castro.

A programación da xornada completouse con concertos, un obradoiro de cociña para nenos e actividades para todas as idades malia que a compra do queixo e o pan e a súa promoción foi o eixo principal da xornada. A música de Comando Curuxás e a orquestra Marbella completaron a programación.

O orzamento do 2024 supera por primeira vez os cinco millóns de euros

O equipo de Goberno de Friol co seu alcalde José Ángel Santos á fronte presentaron uns presupostos ambiciosos para este ano en materia de dotación a investimentos, son uns orzamentos moi estudados e rigorosos, todo en beneficio dos veciños de Friol.

O Concello de Friol duplica agora o orzamento municipal do presente exercicio de 2024 con respecto ao de hai 8 anos, que en 2016 foi de 2.900.000 euros e ano tras ano vai aumentando ata bater a súa propia marca cunha cantidade que ascende ata 5.205.300 euros.

Durante os últimos anos, o orzamento inicial do Concello de Friol tivo unha tendencia ascendente. Os datos económicos así o poñen de manifesto. Desde a anualidade de 2019, superou os tres millóns de euros iniciais. No ano 2022 iniciouse o exercicio con 3.900.000,00 euros; o ano pasado a previsión inicial foi de 4.265.000,00 euros; e este ano, por primeira vez, supéranse os cinco millóns.

“Trátase dun proxecto de orzamento pensado para manter a

prestación de servizos aos cidadáns nas mellores condicións posibles, levar a cabo proxectos de inversión dentro das posibilidades, para dinamizar o tecido produtivo do municipio e dalgún xeito, facilitar e dinamizar as transaccións para o comercio entre particulares, entre particulares e o tecido empresarial, e entre os propios empresarios, con vistas ao crecemento interno e tamén a exportación dos nosos produtos fora do noso municipio”, explicou o alcalde.

O capítulo segundo de gastos correntes en bens e servizos representa o 44,67 % do total (2.325.344,24 euros), “que para un Concello como Friol supón un importante esforzo”. Con todo este crédito, darán cobertura ao mantemento en bo estado das vías públicas municipais, dedicando á política de gasto de infraestruturas unha cantidade de 462.973,53 euros.

Para benestar comunitario, cóntase cunha partida de 606.954,93 euros, coa finalidade de mellorar a calidade de vida en xeral.

San Paio de Narla contará con mochilas sensoriais neurodiverxentes

Os museos provinciais – Museo Provincial de Lugo, o Museo do Mar de San Cibrao, o Museo Pazo de Tor e o Museo Fortaleza de San Paio de Narla – contarán con mochilas sensoriais neurodiverxentes. Trátase de 17 maletas con recursos pensados para previr ou paliar crises sensoriais en crianzas con TEA ou necesidades de apoio específicas durante as visitas aos museos. Inclúen xoguete sensoriais – botellas de calma, panos de seda, frascos con especias, rotuladores de olor, pop it –, auriculares de redución de ruído e outros materiais relacionados cos oficios e o persoal dos museos.

EN BREVE

ROIMIL. A comisión de festas de Roimil organiza o sábado 13 de abril unha cea baile no local social do Campo da Feira. A actividade terá un prezo de 20 euros, na que se incluírá unha cea e actuación musical para amenizar a noite. Para asistir é preciso anotarse antes o 8 de abril e pode facerse nos teléfonos de Carlos, Fran, Guita, Noel, Pablito, Manolito, Nando, Silvia e José.

Un carballo en Santigoso, candidato a árbore senlleira

Adega vén de trasladar ao Comité das Árbores Senlleiras 12 propostas de nova inclusión para a protección doutras tantas árbores e formacións senlleiras. Trátase de exemplares superlativos que na maioría dos casos unen as súas excepcionais características dendrométricas ou rareza cun destacado valor etnográfico e patrimonial. Son monumentos vivos que còmpre coidar e preservar polo seu valor intrínseco mais tamén como patrimonio para as xeracións vin-

deiras.

A proposta está integrada por un ameneiro (río Loira, Marín); unha araucaria (pazo de Lourizán, Pontevedra); un bidueiro (lago Castiñeiras, Marín); a Carballeira de Brandeso (Arzúa); un carballo e un cerquiño (Cerracín, Friol e Santigoso, A Mezquita); tres castiñeiros (souto do Mola, A Mezquita, Pexeiros 1 e 2, Os Blancos); un eucalipto robusto (O Campo, Marín); e varios teixos (Vilarbacú, Quiroga e Noce-da, Folgoso do Courel).



FEIRA MENSUAL



A Feira Mensual de Friol, que tradicionalmente se celebra o primeiro domingo de cada mes, cambiou de situación despois de máis dunha década no recinto do mercado gandeiro. Desde o día 6 volve celebrarse no centro da capitalidade do municipio. Centos e persoas e de postos acudiron a esta primeira cita, que contou con animación musical e bo tempo.



Haberá campamento de verán en xullo

O Concello de Guitiriz organiza un ano máis, dirixido a persoas empa-droadas no municipio, os campamentos municipais de verán do mes de xullo.

A oferta, dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos 2008 e 2016 (ambos incluídos), levarase a cabo do 1 ao 5 de xullo e inclúe unha visita ao Aquapark de Cerceda (1 de xullo) e estancia no parque multiaventura Galipark de Padrón (do 2 ao 5 de xullo). Neste lugar realizarán circuitos multiaventura, rocódromo, tirolinas, kaiak e rafting, piscina, saídas culturais, senderismo, rutas BTT e diferentes xogos.

Inaugurada a mostra 'Camiño da Luz', de Pepe Varela

Ata mediados de mes segue aberta na biblioteca Casa Habanera a exposición *Camiño da Luz*, do fotógrafo Pepe Varela, unha mostra sobre o Camiño dos Faros. A exhibición está composta por 53 imaxes en cor do Camiño a través da Costa da Morte, entre A Coruña e Finisterre. Viaxeiros e camiñantes acompañan os distintos lugares que mostran toda a grandeza destas paisaxes e a costa galega. Pepe Varela tivo a oportunidade de fotografar a grandes personaxes da política ou da cultura como a catro Premios Nobel: Severo Ochoa, Saramago, Rigoberta Menchú e Camilo José Cela.

Abre o prazo para inscribirse na Festa dos Xubilados

Abre o prazo de inscrición para participar na Festa dos Xubilados, que se celebrará o xoves 2 de maio a partir das 14 horas na Praza do Vinteito, en Parga. As persoas interesadas en participar poden anotarse ata o 26 de abril de xeito presencial na casa do concello. Nos próximos días, os e as xubiladas recibirán nos seus fogares unha carta coa invitación e a información necesaria para participar na festa. Ademais, o Concello habilitará transporte desde a praza do Campo da Feira de Guitiriz.



Unhas 35 familias participaron na iniciativa fotográfica sobre bisavós

Tivo lugar na Biblioteca Casa Habanera a presentación da exposición Semente do pasado, colleita do futuro, a iniciativa organizada polo Concello de Guitiriz a través da consellería da área de Integración, Promoción e Servizos Sociais. A campaña tivo unha gran acollida con 35 familias participantes e estará exposta durante un mes. A idea naceu no mes de xaneiro con motivo de facer un recoñecemento aos bisavós e bisavoaos coa recompilación de fotografías orixinais xunto aos seus bisnetos. Á presentación acudiron a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira

e a concelleira Sofía Sánchez, ademais dos bisavós Otilia e Jesús, xunto aos seus bisnetos, Odulia López e a súa bisneta e Lara Paz coa súa filla en representación da bisavoa da familia.

Os bisnetos participantes recibirán un agasallo pola súa participación e todas as fotografías serán destinadas aos bisavós cando remate a exposición.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou o éxito desta iniciativa "que comezou como unha idea de Sofía e converteuse nunha celebración entrañable dos nosos maiores".

La Casilla foi o gañador do concurso de tapas Que Bó Estás Guitiriz

A organización do concurso de tapas Que Bo Estás Guitiriz xa ten día para a entrega de premios, que será o 22 de abril, tanto para os hostaleiros gañadores como para o público que saíu elixido no sorteo.

O restaurante La Casilla foi o local gañador deste evento, que este ano chegaba á súa décima edición. A súa proposta tiña o título Pulpo crocanti, e foi a máis valorada polo público.

Por detrás quedou o Balneario de Guitiriz e o seu Pincho de Fuente de San Juan. Completaron o podio

o café pub Soa con Reméxeo ti.

No concurso participaron este ano oito locais, entre os que estaban ademais dos tres gañadores, A Capela, Xoldra, O Korreo, Zeus e Casa Nistal, e se repartiron unhas 6.000 tapas. Ademais repartíronse tres premios de 600, 400 e 200 euros entre o público asistente.

Por outra banda, e como fan todos os anos, o concurso tivo un apartado solidario que nesta ocasión foi para Alume. Así, cinco céntimos de cada tapa vendida no concurso foron para esta asociación, que supuxo 390 euros.

O Pleno esixirá á Xunta de Galicia a reposición do servizo de pediatría

Guitiriz viviu unha sesión plenaria dirixida principalmente á modificacións de créditos, propostas do equipo de goberno que contaron coa abstención ou o voto en contra dos partidos da oposición.

Si houbo acordo para a cesión de terreo da Escola de Santa Cruz a favor da comunidade de montes da parroquia de Santa Cruz ou para a modificación do inventario municipal de camiños no lugar As Casas Novas, na parroquia de Pígara.

Aprobouse tamén unha modificación puntual da RPT, a undécima, que foi votada en contra polo BNG e sobre a que o PP abstívose. Pola súa banda a incoación do expediente do contrato mixto Servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Con-

cello de Guitiriz saíu adiante só cos votos socialistas xa que os nacionalistas abstivéronse e votou en contra o PP.

No capítulo de mocións, o BNG e o PSOE presentaron cada un a súa e logo xuntáronas para esixir á Xerencia do Sergas a inmediata reposición das prestacións do servizo de pediatría no centro de saúde de Guitiriz, moción que non apoiaron os populares.

Tamén chegou a Guitiriz a moción contra a construción de Altri, que contou cos votos a favor de BNG e PSOE e en contra do PP.

Por outra banda, a moción popular relativa á normativa respecto dos Galiñeiros de Autoconsumo foi rexeitada cos votos en contra de PSOE e BNG.



Guitiriz en Ruta levou 32 persoas ao Camiño Vello de Aldosende

Ata 32 participantes uníronse o pasado domingo á segunda saída da sexta edición do programa de senderismo 'Guitiriz en Ruta', cunha andaina no Camiño Vello de Aldosende, no concello de Paradela.

Os asistentes saíron cara Paradela desde o Campo da Feira de Guitiriz ás 9:00 horas. Alí comezaron o traxecto de 12 quilómetros cara ao miradoiro de Cabo de Vila, con volta ás 17:00 horas.

O programa consta dunha andaina por mes, das que cinco son polo municipio, que son gratuítas, e as outras tres noutros concellos, que teñen un custe de 5 euros para em-

padroados e de 10 euros para os non empadroados. A seguinte saída será o domingo 28 de abril e percorrerase a parroquia de Mariz.

Todas as saídas están abertas ao público xeral que teña unhas condicións físicas mínimas para poder camiñar varios quilómetros.

Completan a programación: a ruta da Pedra de Díaz Castro nos Vilares (domingo 26 de maio), camiñando entre provincias (domingo 27 de outubro), a ruta do Río Mendo en Oza dos Ríos e Betanzos (domingo 24 de novembro) e a ruta do Río Requeixo (domingo 22 de decembro).



Especialidad en:
* Desayunos
* CHOCOLATE
CON CHURROS
* Vinos y tapas

El Budha
CAFETERÍA · PASTELERÍA · TAPERÍA
Plaza Suso Gayoso, 10 Vilalba / Tel.: 697 203 501

EU LEO PARA CONECER RIB AMAR APRENDER PENSAR



**Día do
Libro
Abril
23**

**3
Abril
20.00H**

BIBLIOTECA. REUNIÓN CLUB DE LECTURA PARA COMENTAR A NOVELA "CERCA DEL CORAZÓN SALVAJE" DE CLARICE LISPECTOR.

**4,11,
18,25
Abril
20.00H**

CASA DOPESO. VIDEOFORUM CONOCENDO A ASTRID STEFAN ZWIG. ADIOS A EUROPA REBELDE ENTRE EL CENTENO SUEÑOS DE UNA ESCRITORA EN NUEVA YORK.

**3e7
Abril
10.30H**

BIBLIOTECA. RELENDO A VIDA DEDICADO Á LITERATURA INFANTIL E XUVENIL E AO DÍA DO LIBRO.

**6
Abril
20.00H**

AUDITORIO MUNICIPAL CNE ALOVL. TEATRO. O AUTO DO CASTROMIL DE PT. EXCÉNTRICAS E O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

**23
Abril
18.00H**

BIBLIOTECA. FESTA DO DÍA DO LIBRO ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE MARCAPÁXINAS CONCERTO "ONDAMN" CON MAMA CABRA

**4,11,
18
Abril
18.00H**

CASA DOPESO. XOVES NA BIBLIOTECA CU-CU, TAS-TÁS DE BARRIGA VERDE BURROMAQUIA DE IGNACIO VILARINO O LAPIS DE MARTÍN DE SARBELA TEATRO



A Festa da Bola de Liscos e as Freces de Bretoña será o domingo 14



A Asociación de Amigos da Feira de Bretoña celebra o domingo 14 a XIII edición da Festa da Bola de Liscos e Freces, continuando coa recuperación da mesma.

Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que se iniciará a noite do sábado, como novidade, cunha verbena a cargo do grupo Dúo Tropical e servizo de polbo.

A feira abrirase o domingo ás 11.00 horas con postos de artesanía e feirantes, aínda que a inauguración oficial será ás 12.15 horas. O pregón estará a cargo de Sandra Legaspi, unha pastoricense afincada en Meira e nai de Adriana, unha nena que ten unha enfermidade rara, o síndrome CTNNB1, do que case non hai casos en España. É recoñecido o seu labor por visibilizar a enfermidade e recabar fondos para a investigación.

Xa pola mañá están previstas as actuacións da Escola de Música da Pastoriza, ás 12.00 horas e o baile dos nenos esa mesma escola, ás 12.45. O dúo Belinda será o encargado da sesión vermú e do servizo

de polbo mentres que a degustación da bola de liscos e das freces realizarase baixo carpa.

As persoas interesadas en reservar o polbo poden facelo a través do teléfono 650 277 153.

Rematarán os actos ás 15.00 horas con sorteo de obsequios doados polos establecementos comerciais de Bretoña. Na edición do ano pasado repartíronse unhas 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces entre os asistentes a este evento que desbordaron as previsións.

VIÁN. A comisión de festas de Vián vén de convocar un torneo de fútbolín como antesala da celebración festiva. Este terá lugar o sábado 13 de abril no local social de Reigosa a partir das 20.00 horas. Haberá servizo de pinchos e de bar para todos os asistentes.

Non faltarán os premios en metálico para os gañadores, que variarán en función do número de inscricións. Para apuntarse hai unha cota de 30 euros por parella. A inscrición debe facerse nos 610 686 120, 676 901 705 e 678 748 760.

CONCURSO DE NADAL



O Concello de Pastoriza fixo entrega dun detalle aos premiados do XX Concurso de poesía e tarxetas de Nadal do 2023. En tarxetas os vencedores foron Paula García Pumar, Jimena Lodos Legaspi e Ariai Álvarez Lourido, na categoría A. Entre os participantes de 6 e 8 anos escolléronse as de Yoana Basanta Canto, Irea Pena Fontela e Natalia Seco Arias. Na Categoría B o xurado escolleu como gañadora a Paula Andión Otero, seguida de Xiana Martínez Martínez e Noel Espantoso Braña. Tamén concedeu un accésit a Alma Fernández Valderrama. Finalmente, na categoría C, para maiores os premios foron para Lucía Paz Otero, Azucena Vián Nieto e Marái Silva Rico. En poesía venceu Hugo Martínez Martínez, na A, e, na B, Xiana Martínez Martínez.

Un anaco máis da historia

Os arqueólogos continuaron coa escavación no Castro de Saa, atopando restos de tres etapas cronolóxicas e unha zona de traballo do ferro

O Castro de Saa continúa a desvelar os seus segredos. Rematou xa unha nova fase da escavación que tiña como obxectivo sacar á luz novas construcións, un anaco máis da muralla e a entrada do castro.

Novamente, os arqueólogos, dirixidos nesta ocasión por Vanesa Trevín, remataron xa a fase de escavación e atópanse agora facendo a consolidación e a selección para a musealización dos achados.

Cando comezaron tiñan en mente centrarse na entrada do castro para ver si había un bastión ou algún tipo de zona de vixilancia para saber como era a propia entrada ao castro. A sorpresa chegou tamén este ano xa que apareceron dous niveis de restos, un de lousas, que pertence á entrada orixinal, e logo unha zona de traballo do ferro, “o que nos leva a pensar que había unha especie de zona de traballo. Non podemos dicir ao cento por cento que era así porque falta por escavar”, pero os restos así o suxiren.

Pero non foi este o único achado. As novidades deste ano son que atoparon tres niveis de construción da zona e de uso do castro, que loxicamente poderían pertencer a tres momentos cronolóxicos distintos. Un deles corresponde a unha casa antiga, que apareceu anulada; o segundo é outro solo de lousas que está relacionado cunha casa grande, que xa fora escavada, e da que atoparon o soportal. O terceiro corresponde a un momento no que o castro se foi abandonando. Apareceu unha estrutura con material perecedoiro, buratos de poste, encaixos, e un solo que sería un pouco posterior. “Asociado, atopamos a ese nivel algunhas cerámicas que nos invitan a pensar que sería do século II ou III dC”, puntualiza Trevín.

Asociado aos momentos de ocupación do castro, os investigadores da historia atoparon tamén varias fases da vida na muralla. A primeira, a máis antiga, e na segunda un lugar onde percibiron un retranqueo da mesma, a súa posterior caída e finalmente os amaños que fixeron. “É moi interesante ver como esta foi medrando e se fixeron os arranxos, que son visibles a través da investigación” engade Trevín.

Unha vez rematada a escavación propiamente dita, o equipo está en proceso de consolación da estrutura. “Estamos agora facendo una capa de sacrificio na parte de arriba dos muros, porque temos que evitar que se deterioren. Tamén facemos un recrecido aos muros con criterios de explicación para que se comprenda



En Semana Santa visitaron o castro, que é de acceso libre, unhas cen persoas, en maior medida veciños

mellor como funcionan”, explica Vanesa Trevín. Outro criterio de protección dos restos.

O QUE QUEDA POR DESCUBRIR.

Son varios anos os que se levan traballando no Castro de Saa, con distintas fases e condicionados polo orzamento, as subvencións e a meteoroloxía e aínda queda moito por descubrir. “Non creo que tarde moito a seguinte fase, seguirase pola entrada porque sabemos que nalgún momento a entrada estivo noutro sitio, non sabemos que pasou pero se vai intentar sabelo”, confirma a arqueóloga.

Vanesa Trevín asegura que xa hai moitos datos do castro, que sitúan no cambio de era, entre o século I aC e o I dC. “É unha época na que os romanos están en Lugo e hai intercambios entre a cidade e este castro, de feito, atopamos cerámica feita na



cidade”.

Nesta segunda fase que comeza agora, a arqueóloga lembra que a zona é de visita libre. De feito fixéronse durante a Semana Santa unha serie de visitas guiadas que espertaron moito interese da veciñanza que se achegou a coñecer un pouco máis da historia da contorna. Segundo as estimacións do grupo, un centenar de persoas pasou durante esa semana polo Castro de Saa, moitos deles en visita libre.

Por outra banda, os restos atopados e que serán musealizados poderían ir ao CIN de Bretoña, onde xa repousan moitos outros, ou tamén poderían ir ao Castro de Viladonga.



A veciñanza de Muras maniféstase tras dúas semanas sen médico

Cargos orgánicos e institucionais do BNG participaron na concentración no centro de saúde de Muras en demanda da consulta médica no mesmo, da que non pode dispoñer a veciñanza desde hai dúas semanas. Desde esa data, o médico só acude esporadicamente a facer receitas, pois o Sergas procedeu a bloquear todas as consultas. O deputado no Parlamento Daniel Castro, o deputado provincial Daniel García e o responsable comarcal do BNG Antonio Veiga acompañaron á veciñanza e ao alcalde Manuel Requeixo na concentración reivindicativa.

Daniel Castro anunciou que levará ao Parlamento esta grave situación que atravesará o Concello de Muras "situación que non é moi diferente á que están atravesando outros concellos da contorna e de toda a comarca, ben sexa pola falta de médicos ou pediatras, como foron e son os casos do Vicedo, Viveiro, A Pontenova, Riortorto... co cal queda patente unha vez máis o proceso de desmantelamento da



atención primaria na comarca e no País" afirmou o deputado.

O alcalde Manuel Requeixo, na súa intervención ante a veciñanza recordou que o centro de saúde foi arranzado no 2022 con 262.524 euros de fondos do propio concello sen que a Xunta puxera un só céntimo despois de telo prometido "e agora para máis burla quítanos o médico" afirmou. Insistiu tamén

na continua perda de servizos dos concellos pequenos e a escasa colaboración da Xunta con eles, manifestando que "non podemos permitir a perda dun servizo máis, a Xunta téñ que facilitar a vida a todas e todos os que viven no rural e un dos principais servizos é a atención sanitaria, por iso non lle imos permitir nin á Xunta nin ao PP ningún ataque máis a Muras".

A localidade celebrará a oitava Romaxe Artesá da Chaira o 25 de maio

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 25 de maio a oitava edición da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

No cartel que fixo pública a organización xa se coñecen algunhas das actuacións previstas para esta cita cultural. Así, contarán con Fillas de Cassandra, Pan Sen Fron, Mekanika Rolling Band e Peter Funk.

O Concello aínda está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades que se celebraron en anos anteriores, agás no 2020 cando non houbo pola pandemia.

As previsións son que haberá exposición de artesanía, xogos tradicionais e demostracións en directo dos diferentes artesáns.



Tamén acostuman facerse obradoiros para adultos e para nenos. Ao longo do mes de maio, a organización dará a coñecer o resto do programa, que seguirá a liña de anos anteriores, nos que colleitaron un gran éxito de visitantes e de participantes no relativo á veciñanza.

Inviste en Friol





CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol



A ilustradora Rebeca Losada dá unha charla dentro do IlustrarNÓS

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo organiza este mércores na Praza de San Marcos unha demostración de debuxo a cargo da ilustradora lucense Rebeca Losada. Trátase dunha actividade orientada ao público, na que a ilustradora realizará ao vivo, a partir das 13.00 horas, unha ilustración alusiva ao Día da Ilustración e a Chichi Campos, homenaxeado este ano.

A proposta forma parte do programa IlustrarNÓS coa que queren “afondar na socialización e no recoñecemento de creadores e creadoras galego deste eido artístico, como é

Rebeca Losada”, asegura a deputada de Cultura Iria Castro.

O programa púxose en marcha no pasado mes de xaneiro coa colaboración de centros educativos da provincia, que acollen diferentes actividades relacionadas co deseño e ilustración.

Os centros de primaria acollen obradoiros de creación de fanzine a partir da figura de Chichi Campos a cargo de 7H Cooperativa Cultural. Os de secundaria, charlas coa propia Rebeca Losada que realizou a primeira no IES Pedregal de Irimia de Meira.

Mozos de Borgoña e Meira traballan nun programa de estereotipos culturais

O IES Pedregal de Irimia de Meira acolleu durante una semana a once alumnos e dous profesores do Lycée Militaire D'Autoun, de Francia, nunha mobilidade do programa Erasmus.

O título do proxecto é *Traballando as diferenzas culturais e os estereotipos. Unha forma de construír cidadanía europea*. Así, durante estes días expuxéronse e analizáronse os resultados dunhas enquisas sobre os estereotipos franceses en España e dos españois en Francia.

Ademais, o colectivo visitou Santiago de Compostela, o Castro de Viladonga, Lugo e parte da Mariña.

Así mesmo, aproveitaron para amosar os costumes e tradicións galegas, que romperon coa idea que tiñan dunha España homoxénea.

Os alumnos meiregos coñeceron outras similitudes con Autun, un pobo situado na Borgoña francesa, que ten partes dunha muralla romana similar á de Lugo, que na zona hai restos de poboados prerromanos parecidos aos castros e que pasar pola vila unha das diferentes rutas do Camiño de Santiago.

Así mesmo, lembraron que os monxes que fundaron o mosteiro de Meira tiñan a súa orixe en Dijon, que é a capital de Borgoña.



CARREIRA AVELINO DÍAZ



Meira acolleu a celebración da terceira edición da Carreira Solidaria Unhas Letras para Avelino, na que se reivindica que se dedique un Día das Letras Galegas ao Poeta Avelino Díaz. Neste evento participou alumnado, persoal e comunidade educativa do IES Fonmiñá da Pastoriza e do noso IES Pedregal de Irimia, organizador do evento. Cada participante xunto coa súa inscrición aportou un quilogramo de comida non perecedeira que foi doada a Cáritas Parroquial de Meira.

O PP réunense cos veciños da vila para facer a revisión do inventario de camiños

O Grupo Municipal do PP de Meira organizou reunións cos veciños para a revisión de camiños identificados no inventario municipal, na escola de Sebe de Abades, en Seixosmil, tras detectar erros, inexactitudes e, incluso, a ausencia de camiños que quedaron sen identificar.

Os populares puxéronse a disposición dos veciños para asesorar sobre como presentar alegacións porque “as inexactitudes e os camiños que non están identificados como municipais poden supoñer prexuízos á hora de realizar futuras actuacións”. Por outra banda, Fernández tamén chama a atención sobre “a falta de previsión do goberno local ao non identificar como público unha boa parte das rutas de sendeirismo que o propio Concello promociona na súa páxina web”. Así, advirte que isto pode supoñer “un problema para o futuro no caso de accidentes ou no caso de acreditar a titularidade para solicitar axudas”.

A Feira do Ferro será o vindeiro 21 de abril

Riotorto volve celebrar a Feira da Artesanía do Ferro, que chega á súa XV edición, organizada pola Asociación de Ferreiros e co apoio da Fundación Artesanía de Galicia.

A organización do evento fixo público o programa, que volve contar con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, olaría e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís.

A Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto celebrarase no recinto feiral cuberto baixo carpa, onde tamén se poderá degustar polbo e outra comida tradicional. Haberá animación musical durante toda a xornada a cargo de Gaiteiros de Riotorto e de Charanga NBA, ademais dun espectáculo de fogo.

A feira terá lugar o domingo, e abrirá as súas portas ás 11.00 horas come-

zando xa de seguido coas demostracións de oficios, que contarán con cristal tallado a cargo de Eugenio Soto de Vigo; olaría con Aparicio de Buño; cestería con Lito de Lugo; torneado con José Manuel de Arzúa, e pirogravado con José Lázaro de Ponferrada. Trala actuación do Coro de Riotorto, terá lugar a inauguración oficial, que será ás 12.15.

A continuación terán lugar as demostracións en vivo da artesanía do ferro e os obradoiros infantís. Estas estarán a cargo de ferreiros de Riotorto así como do Centro de Interpretación de la Forja (Navarra). Destacarán os traballos de Alberto Leis, Friedich Brasmsteidl, Antonio do Corgo, Forxa Chago, Thomas Mink e Jorge Eiroá.

Os obradoiros infantís estarán a cargo do ferreiro austríaco Friedich Brasmsteidl a partir das 12.45 horas,



xunto á animación de rúa e musical que tamén será a encargada de iniciar a programación da tarde. Tralas novas demostracións en vivo de oficio da tarde, un espectáculo infantil no atrio da igrexa porá o punto e final á programación. Será Mira el Coyote Show, co mago máis televisivo do momento. A Feira do Ferro que se celebra en

Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Xurdiu a iniciativa de catro amigos que en 2006 comezaron a pensar en como promover a súa profesión. Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela.



Inician o trámite para ter a distinción turística para o Antroido de Val de Francos

O Concello de Castro de Rei iniciará os trámites para que o Entroido de Val de Francos sexa declarado Festa de Interese Turístico Galego. Así o acordaron no Pleno, no que o equipo de Goberno presentou unha moción de urxencia co obxectivo de iniciar canto antes os trámites e que esta distinción poda estar xa activa cando se celebre a próxima edición. Esta solicitude levarase a cabo entre o Concello e a Asociación Val de Francos, que está a elaborar unha memoria sobre esta tradicional fes-

ta, da que existe documentación desde finais do século XIX. O Entroido de Val de Francos celébrase no Campo do Carril da parroquia de Ansemar e está organizada por esta localidade e as veciñas de Goberno e Balmonte. Ademais dos disfraces, a música e o humor, este Entroido é coñecido polo seu sermón retranqueiro, así como pola chegada do Antroido, unha figura que representa a unha personaxe non querida e que acaba queimado.

A CIG di que a residencia de maiores non ten material sanitario

A CIG denunciou a “precarísima situación” na que se atopa a atención sanitaria na residencia de Castro Ribeiras de Lea (no Concello de Castro de Rei e de titularidade pública pero coa xestión privatizada) debido á falta de subministración de material por parte do Sergas. Afirmar que o centro, no que residen 172 persoas, a maioría delas grandes dependentes, leva unha semana sen material para facer as curas pero até o día 14 o Sergas non fará envío do novo pedido. “Este problema véñse arrastrando dende hai un ano, pero o servizo público de saúde foi recortando tanto que agora non temos nin gasas para facer as curas das úlceras”, salienta a representación da CIG. Subliñan que ao ser un centro de titularidade pública, os pedidos do material sanitario básico (como gasas, parches de curas, sondas ou xiringas para aplicar a medicación das e dos usuarios) fase directamente ao Sergas, que é a administración responsable de cubrir as

necesidades nesta materia. “Porén, dun tempo a esta parte, o Sergas comezou a restrinxir o material que se pode solicitar até o punto de que nas follas de pedido a través das que o persoal de enfermería marca que cantidade precisa de cada material, “só dá opción a un pedido de mínimos que non chega para nada”. Como exemplo, explican que só poden pedir un máximo de 5 sondas rectais e de aspiración, cando no centro viven máis de 170 persoas. A representación da CIG xa trasladou as queixas por estas eivas á dirección da residencia (xestionada pola empresa CK Sénior) para que interviñera ante a administración galega, pero os problemas, lonxe de solucionarse, estanse agravando. De seguir así, advirten, “os usuarios e usuarias acabarán tendo que ir ao hospital para que lles dean a atención que aquí non podemos ofrecerlle por falta de material tan básico como unha sonda”.

O Pleno apoia a proposta de crear un plan de igualdade

O BNG presentou no Pleno do concello de Castro de Rei unha moción para que dende o concello se elabore un plan de Igualdade municipal. Moción que foi aprobada por unanimidade e obriga ao equipo de goberno a creación dese plan. A desigualdade por razón de sexo responde a problemas estruturais que afectan a toda a sociedade; por iso, os esforzos das administracións públicas para a consecución da igualdade real son fundamentais. “Vemos pertinente a creación dun Plan de Igualdade que poida promover como obxectivo final, no ámbito local, a igualdade na diversidade e a eliminación de toda forma de discriminación e desigualdade que incide sobre as mulleres e sobre as persoas en xeral, por motivo das diversidade existentes – funcional, procedencia ou orixe étnica, racial, cultural e diversidade afectivo-sexual” afirma a nacionalista. O grupo municipal do BNG estará pendente de que dende o equipo de goberno leven adiante esta encomenda e se poñan a traballar na creación deste plan importante para levar adiante unha igualdade real neste concello.

Convocada para o 13 de abril en Ponte de Outeiro a Festa da Troita

A sociedade deportiva e cultural Amigos do Miño ten previsto celebrar o sábado 13 abril a súa nona Festa da Troita do Río Miño na localidade de Ponte de Outeiro, en Castro de Rei. A festa dará comezo na noite do venres 22 de abril ás 22.00 horas co sorteo de dorsais para así, o sábado 23, comezar os concursos ás 9.00 horas. Xa para as 13.00 horas estará rematado o concurso e farase a pesaxe das pexas capturadas. Acto seguido será o xantar de irmandade, precedido da sesión vermú que inclúe tamén sobremesa a cargo do dúo Epo-K. Finalmente pola tarde, ás 17.00 horas, será a entrega dos trofeos. Completarase a programación con xogos populares a partir das 18.00 horas e a verbena, na que ademais de Epo-K estará tamén a orquestra Claxxon. De madrugada tamén está prevista



a actuación de Eventec e Come-deejay. Para participar é necesario anotarse antes do 8 de abril e ademais hai un número de prazas limitadas. Para facelo haberá que chamar aos teléfonos 637 992 204 e 609 887 719. Ten un prezo de 45 euros, xantar incluído.

Rehabilitarán a través dun plan os camiños das parroquias da parcelaria

O Concello de Castro de Rei inicia o procedemento de licitación para executar un plan de rehabilitación de camiños en zonas de reestruturación parcelaria da Xunta de Galicia, tal e como informou o alcalde, Francisco Balado. Neste proxecto acometeranse actuacións en distintas zonas de concentración parcelaria do Concello, entre as que se citan varias parroquias. Unha delas é a de Bazar, na que se actuará nos lugares de A Mudia, As Penelas e Cornide. Así mesmo afectará a Ponte de Outeiro e Pacios, concretamente na zona da Ponte, desde a LU-120 ata Pacios. En Ramil está previsto que actúen no Caxigal e Medianeiros e na parroquia de Balmonte estarán na zona da Igrexa, Vilaseñor, A Valiña e Zacariade. Finalmente, tamén teñen previstas actuacións en San Martiño de Goberno, concretamente nos lugares de Ano-

ca, Outeiro e Ameixide. A actuación deste plan ten un orzamento de 199.377,50 euros e consistirá principalmente nun dobre tratamento bituminoso de asfalto que se aplicará sobre todas as vías de titularidade municipal con regularización nas zonas nas que o firme estea máis deteriorado, así como a limpeza de cunetas.



Protección Civil recolle a diario a nenos con problemas co transporte

Tal e como asegurou o alcalde no Nadal, o Concello de Pol atopou unha solución provisional para recoller aos pequenos de transporte escolar que teñen dificultades coas paradas e achegalos ao colexio. Así o explicou o alcalde da localidade, o socialista Lino Rodríguez Ónega, que en numerosas ocasións fixo duras críticas polo "mal trato" do servizo de transporte da Xunta aos escolares do rural.

Así, un coche de Protección Civil recolle aos pequenos sobre as 8.00 horas, con tempo suficiente para chegar ao colexio, na parada de autobús que teñen ao lado da casa, "e na que a Xunta négase a parar, aínda que pasa por aí o autobús todos os días. Os pequenos afectados son tres e teñen entre 7 e 10 anos. Nos dous casos viven ao lado dunha parada pero o sistema imposto pola Xunta para facer uso do transporte escolar, obrigaos a desprazarse un quilómetro, nun dos casos, e uns 800 metros noutro, "co perigo que supón ter que ir pola estrada. A opción que tiñan era ir por unha pista rústica pero no inverno no está en bo estado para transitar en moitas ocasións".

Agora mesmo Protección Civil está recollendo a dous pequenos diariamente, na parroquia de Cirio e ata fai pouco facíao tamén con outro en Rioxoán, que durante un tempo os pais non puideron levalo polo nacemento dun irmán, pero agora volveron encargarse eles.

Dous nenos son recollidos nunha zona segura, á altura da Fonte de Rois, onde xa existe unha parada de bus en perfecto funcionamento, "pero mandan aos nenos lonxe das



súas casas a collelo, non ten sentido ningún", explica o alcalde.

Rodríguez Ónega asegura que a Xunta non arranxa o problema e queixábase de "mal trato á veciñanza do rural, facendo máis difícil que as persoas se asenten nas parroquias".

"Tanto que falan da Galicia baleira e son eles mesmos os que tratan ao rural deste xeito poñendo máis trabas e problemas á veciñanza", indica Ónega e subliña que "é unha vergoña o trato que nos están a dispensar, deixando claro que é unha mentira a súa preocupación polo rural xa que

non se molestan en preocuparse un mínimo pola situación destas localidades que non teñen outros servizos alternativos".

O alcalde asegurou que continuará coas súas demandas para que a Xunta estableza un sistema de transporte lóxico. "Temos sobre 15 nenos transportados e están dispersos, creo que hai que adaptarse un pouco ás necesidades do rural, sobre todo cando non implica ningunha modificación de ruta, en especial en casos sensíbeis como estes, nos que os protagonistas son nenos".

EN BREVE

CESTERÍA. O concello de Pol acolle a fin de semana do 20 e 21 de abril un curso de cestería. As sesións desenvolveranse o sábado e o domingo co mesmo horario, de 16.00 a 20.00 horas. Serán na Caseta da Carballeira de Mosteiro. As persoas que desexen asistir deberán inscribirse previamente no 982 345 029.

PAN. A parroquia de Cirio acollerá un curso de elaboración de pan e empanadas en forno de leña o sábado, 13 de abril. Trátase dunha actividade para a que xa está aberto o prazo de inscrición e que comezará ás 10.00 horas co amasado. Pecharase coa degustación das empanadas e o pan xunto a outros produtos, acompañado de viño da terra e café.

Convocado o terceiro concurso de composicións musicais

Casa-Museo Manuel María vén de facer públicas as bases da segunda edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexaren, tendo de prazo até o 15 de xuño. As composicións deberán ser orixinais, inéditas, sen estrear e cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio. A canción presentada terá que ser sobre un poema, de libre elección da persoa concursante, de entre todos os escritos por Manuel María e estará clasificada dentro da modalidade de canción galega.

Na presente edición as composicións estarán escritas para voz de mezzo-soprano con acompañamento de piano, estando previsto que isto cambie todos os anos, xa que o pasado foi para soprano.

O certame convocado conta cun

único premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución grauíta a todos os Conservatorios de Música de Galicia.

O concurso desenvolverase en dúas fases de xeito que na primeira o xurado seleccionará un máximo de cinco cancións finalistas que pasarán a unha segunda fase e que se fará público o 15 de xullo. Na fase final determinarase a canción gañadora entre as designadas como finalistas na primeira fase. Para iso levarase a cabo un acto con concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María no mes de outubro. No propio acto, após a correspondente deliberación, o xurado dará a coñecer a canción gañadora.

Manuel María é o poeta máis musicado despois de Rosalía de Castro. Os seus versos foron cantados nos máis diversos estilos musicais desde a música tradicional e interpretada por voces e grupos galegos.



A rapazada do Outeiro Tardes presentou un vídeo elaborado polo 8M

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o Concello de Outeiro de Rei presenta este venres na Casa da Cultura de Outeiro de Rei ás 17:00 h, o vídeo Ás que tanto nos dan-Concello de Outeiro de Rei.

O Concello volve repetir a iniciativa de anos anteriores coa presentación dun vídeo pensado e elaborado especialmente para este 8-M pero dándolle un enfoque diferente. Nesta ocasión os e as protagonistas foron 13 nenas e 14 nenos que asisten a Outeiro Tardes, iniciativa incluída dentro do programa muni-

cipal de conciliación familiar, que se encargaron de facer unha homenaxe a algunhas das mulleres coas que comparten o seu día a día e que sen dúbida son piares fundamentais nas súas vidas.

O acto estivo presidido polo alcalde, José Pardo Lombao, e a concelleira de Servizos Sociais, M^a José Martínez Vigo e contou coa presenza dos nenos e das nenas protagonistas e tamén con Irene Vila Modia, da empresa BuleBule, realizadora deste traballo. Ao remate do acto houbo unha degustación de doces.

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

O BNG denuncia o abandono da Pontella do Maiordomo en Taboi

O BNG denuncia, a través do Deputado no Congreso, Néstor Rego, o estado de abandono no que se atopa a Pontella do Maiordomo que cruza o río Miño na parroquia de Taboi.

“Posúe grande relevancia dentro da cultura popular como elemento arquitectónico” afirmou a concelleira, onde se observan coñecementos e materiais empregados durante séculos no rural da Galicia, como pola súa relación con un modo de vida tradicional baseado na gandería e agricultura e que até hai algúns anos posuía enorme incidencia.

A construción presenta un estado de deterioro moi elevado. Esta situación empeorou nos últimos tempos de modo alarmante, a pesar de que xunto dela discorre unha ruta deseñada polo Concello, que aproveita un camiño paralelo ao río Miño, mais isto non implica que o Concello poña en valor a pontella nin trate de parar o seu deterioro.

“É preciso que desde a Confederación inicien os trámites e negociacións precisos para acometer as necesarias obras de restauración e impedir que continúe o seu deterioro “esixiu Lombao.

O BNG denuncia o estado de abandono no que se atopan as instalacións municipais usadas para actividades deportivas, en concreto o piso superior do local onde se atopa o Xulgado de Paz. A concelleira nacionalista, Elvira Lombao, sinalou que “o alcalde non pode permitir que á veciñanza que vai a estas actividades o faga nunhas instalacións con graves deficiencias”.



Creación dun Punto de Información Catastral

Explica o BNG que nun concello eminentemente agrario e rural, con multitude de parcelas inmobiliarias, tanto rústicas como urbanas, e con bastante movemento urbano, os trámites que a cidadanía ten que facer ante a Direccións Xeral do Catastro son múltiples e moi variados. “O feito de poder dispor deste servizo no propio concello, achegando as administracións ás persoas administradas, fai que se faciliten en gran medida estes trámites e que o traballo da administración sexa máis eficiente”.

“Todo iso fai que este servizo estea moi ben valorado pala cidadanía que conta con el, provocando que tan só haxa 12 concellos en toda a provincia de Lugo que non contan con este servizo, sendo Outeiro de Rei un deles”, engaden.

O BNG propón rematar con esa situación e que de forma urxente o Concello proceda a dotarse dun Punto de Información Catastral.

“O servizo de Urbanismo do concello de Outeiro atópase completamente saturado, tendo que facer a cidadanía colas interminables e esperar para calquera tipo de permiso ou trámite ata varios meses para a súa resolución”.

Consideran que se o concello se dotase cun PIC, por contar con persoal específico, contribuiría a desconxestionar a carga de traballo do persoal municipal adscrito ao servizo de urbanismo, reducindo a espera da veciñanza polas xestións e, sobre todo, aforrando os custos que ten o feito de que o traballo dese servizo estea a ser feito por empresas ou persoal privado.

EN BREVE

ESCOLA INFANTIL. Ata o 30 de abril está aberto o prazo de solicitudes de admisión para o curso escolar 2024/2025 na Escola Infantil Municipal. Durante este período de tempo, os pais/nais ou titores dos menores que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil Municipal deberán presentar a solicitude de reserva de praza. Os que desexen acceder no próximo curso escolar deberán presentar a de inscrición.

CONCERTOS. O Concello, a través da Escola de Música Asociación Músico Crisanto pon á disposición catro actuacións anuais de carácter gratuito; as actuacións poderanse programar en horario de 11.00 e 21.00 horas e terán unha duración aproximada de 45 minutos. Pódense solicitar as agrupacións Banda de Música Sons e Soños e a Coral.

O Concello programa a súa primeira Festa da Xuventude para o 20

O Concello de Outeiro de Rei acolle o vindeiro 20 de abril a primeira Festa da Xuventude, que terá lugar na Rúa C baixo carpa cuberta.

A festa que comeza ás 13.30 horas contará coas seguintes actuacións: Dúo Dilema, Dj Francis, Charanga Mil-9, verbena a cargo da orquestra Olympus e o Dj Jairo LQ.

Tamén haberá un punto de información sobre o Carné Xove.

Na festa haberá posibilidade de xantar; a comida baixo carpa ten un custo de 25 euros para as persoas maiores de 15 anos, de 15 para rapaces e rapazas de 6 a 15 anos e é gratuíta para nenos e nenas menores de 6 anos.



Todas as persoas interesadas poderán recoller os billetes da comida no bar O Pozo de Outeiro de Rei ata o vindeiro 15 de abril.

Colaboran nesta iniciativa a Xunta de Galicia, Carné Xove, Abanca e o Concello de Outeiro de Rei ademais de varias empresas do municipio.



A olaría e a música tradicional protagonizan unha xornada en Bonxe

Bonxe acolleu unha xornada de celebración e encontro entre a olaría e a música tradicional arredor do forno de Pepa Lombao, co apoio da Vicepresidencia da Deputación. Unha cocedura de olería no forno tradicional deu comezo a xornada que continuou pola tarde coa presentación do volume Formas tradicionais da olería popular. Terra Chá. Bonxe editado polo Servizo de Publicacións da área de Cultura e o concerto As Cegas de Ouselle.

Nel o trío Aldara Palmeiro (violín e voz), Miguel Lustres (acordeón e voz) e Antón Castro (zanfona e voz), interpretaron, desde unha perspectiva actual, o repertorio das coñecidas como cegas de Ouselle, que cantaban e tocaban nas feiras.

Tratouse dunha xornada de celebración e “posta en valor do noso patrimonio cultural, especialmente da música e da olaría”, sinalou a deputada de Cultura Iria Castro, que destacou “o valor documental da nova publicación editada pola área de Cultura, coordinada por Hixinio Flores Rivas e Orlando Viveiro Veiga”. Castro agradeceu “o traballo de Pepa Lombao para traer ata hoxe o oficio e as formas da olería de Bonxe” Este ciclo de olería e música tradicional impulsado pola Vicepresidencia da Deputación continuará con dúas novas citas, o 20 de abril, no forno de Lulle en Roxofrei (Samos) e o 11 de maio na reitoral de Gundivós (Sober).

CHARLA NO PENAL DE BONXE



O pasado venres 15 de marzo, a UNED de Lugo levou a cabo unha iniciativa no Centro Penal de Bonxe para impartir unha charla sobre Alfabetización Climática. O propósito é responder á necesidade de contribuír ao proceso de reinserción das persoas recluídas no centro penal. A charla foi dirixida por Ana Traseira, directora da universidade, e Paula Moure, bióloga especializada en conservación, quen abordaron a crise climática desde unha perspectiva social, discutindo as súas causas e consecuencias principais.



zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Villaño (Lugo)
Telf. 982516150

Muimenta prepárase para a Festa da Filloa



O recinto feiral Manuel Vila volverá acoller o próximo 1 de maio, mércores, a Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia.

A feira, que mantén o seu cartel tradicional, incorpora este ano a Aceites Abril como colaborar deste evento que organiza a comisión da Moexmu.

Desde que se comezara a organizar a Festa da Filloa, colaboraron desinteresadamente, xa non só os veciños de Muimenta, senón tamén os dos pobos limítrofes, alcanzando case os douscentos colaboradores, que durante toda a xornada realizan filloas, churrasco, queimada, café e atenden á xente que se acerca ese día a xantar ata a vila. A música é tamén un dos puntos importantes da Feira. Este ano a comisión avanzou que actuarán Leña Verde, A Volta do Agro, o Grupo de música e Baile da AC Arume de Caión e Cosmedeejay.

O ano pasado, a Festa da Filloa recibiu o premio excelencia do turismo e a gastronomía da provincia, que se celebrou na Praza de San Marcos, na súa cuarta edición. Un galardón que recoñece á Festa da Filloa de Muimenta, en Cospeito,

polo seu traballo a favor da posta en valor deste produto gastronómico galego durante máis de trinta anos.

Vén de convocarse a nova edición do Concurso de Debuxo e Relato-Filloa 2024, no que están invitados a participar os diferentes centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca da Terra Chá, sobre vinte e cinco.

Ampliáronse o número de categorías de catro a cinco, co cal, aumentan os premiados de dezaseis a vinte. Lembrar que desde que se comezara a organizar a Festa da Filloa, colaboraron desinteresadamente, xa non só os veciños de Muimenta, senón tamén os dos pobos limítrofes, alcanzando case os douscentos colaboradores, que durante toda a xornada realizan filloas, churrasco, queimada, café e atenden á xente que se acerca ese día a xantar ata a Vila.

Por outra banda, a Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (Asoporcel) celebrou a segunda edición do seu cocido de Porco Celta na Casa de Galicia en Madrid nun evento no que foron protagonistas as filloeiras de Muimenta.

Un escape room en liña transcorre na Torre de Caldaloba

Artefeito vén de lanzar o Escape Room en liña *O Legado* baseado na historia medieval da Fortaleza de Vilaxoán. Este proxecto foi desenvolvido ao abeiro do certame Fondo de proxectos culturais Reino de Galicia da Deputación da Coruña.

Este Escape Room está deseñado como unha aventura dixital na que, a través de diferentes probas e pistas, os e as xogadoras irán descubrindo a historia fascinante desta fortaleza. O castelo de Vilaxoán, tamén coñecido como Torre da Caldaloba, foi o epicentro de numerosas batallas contra os Reis Católicos no século XV, nun enfrontamento pola autonomía e a identidade propia fronte a Cas-

tela. Neste lugar non só se libraron batallas físicas, senón que tamén se teceron redes de alianzas e intrigas políticas que determinaron o curso da historia de Galicia.

A través das diversas probas que vai presentando o Escape Room *O Legado*, e dun xeito lúdico, as e os xogadores irán descubrindo detalles da historia deste lugar. Un xeito de gamificar os contidos históricos e presentalos de xeito atractivo a todo tipo de públicos. Con isto, o proxecto *O Legado* pretende reivindicar o patrimonio medieval galego, non só na súa vertente material, senón tamén o relato, dando a coñecer un episodio crucial para o devir de Galicia.

Unanimidade para reclamar a reposición de prazas de médicos

Cospeito viviu un último pleno cargado de intensidade e con varios acordos. Así, foi aprobada por unanimidade unha proposta socialista na que reclama a reposición de prazas no centro de saúde de Feira do Monte, “sabemos que houbo unha repartición dos pacientes entre os médicos que quedaron, o que implica unha maior carga e unha tendencia ao colapso”, explicou Daniel Irimia, voceiro do PSOE, que resumiu a intención de solicitar á Xunta de Galicia que repoña as prazas vacantes.

Outra das medidas que se votaron en unanimidade foi a solicitude de que a Moexmu fose declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, cun agradecemento “ao traballo dos veciños e das distintas comisións, a de hoxe e tamén as de anos atrás”, dixeron. Daniel Irimia aproveitou para avanzar que a Festa da Filloa e a Moexmu recibirán unha axuda maior por parte do ente provincial.

Tamén se votou a favor a moción socialista para unha declaración institucional en contra da Guerra e á modificación de créditos de prazas non cubertas presentada polo Goberno. Xa non houbo tanto acordo en dous temas. Por unha banda aprobouse levantar 12 reparos de intervención derivados de facturas do ano pasado, pagadas este ano, despois de seis meses nalgúns casos. Segundo explicou o voceiro socialista “é o maior número de reparos presentados nunha lexislatura e simboliza a xestión nefasta do alcalde para un concello que ten 600.000 euros de débeda dun crédito ICO”.

Rematou nun acalorado debate a ordenanza fiscal da piscina, que recolle un incremento de tarifas de 0,5 euros máis para os menos de 15 anos e 0,6 para os adultos, o que supón 11 euros máis para o bono de tempada no primeiro caso e 11,5 para os adultos.

“Sempre procuraremos que a pisci-

na municipal sexa gratuíta para toda a veciñanza -protestou o voceiro socialista-. Comprométome agora a firmar un convenio coa Deputación para que sexa de uso libre e gratuíto por toda a veciñanza”.

Non faltaron as consabidas preguntas socialistas, que se formularon na parte final e nas que volveu falar de moitos temas antigos como o estado do centro de saúde de Muimenta, a falta de actos o Día da Muller, a convocatoria pública para outorgar autorizacións de aproveitamento de ocupación do dominio público, polos montes veciñais en man común de Bexán, pola colación dunha protección no colexio Virxe do Monte, polo Servizo de Axuda no Fogar, polo polígono industrial, a Torre de Caldaloba e varias obras de mellora.

Ademais, despediuse no pleno a concelleira socialista Beatriz Díaz Pérez, por motivos persoais, e entra na Corporación o número 5 da lista José Ramón Chao Iglesias.

Remata outra exitosa Moexmu coa entrega de galardóns

A Moexmu celebrou unha edición especial, a número 40, que contou cun novo éxito de asistentes, así como de gandarías presentes. Triunfou o relevo xeración cos premios do Concurso de Xóvenes Manexadores da Moexmu, que contou coa participación de vinteseite gandarías.

No acto, celebrado durante a clausura da feira, entregáronse agasallos a todas as ganderías participantes e ás gañadoras e gañadores en cada categoría: Blanca Expósito Capón da gandería Capón Hosltein de Chantada -menores de 9 anos-, Helena Castro Iglesia da SAT A Vereda de Lugo -entre os 10 e os 15 anos-, María Otero Naval de Fontixón de Castro de Rei -entre os 16 e os 20 anos-, que tamén foi campioa absoluta do certame, e Nicolás Andrade Meixide da Gandería Carro de Mesía -maiores de 21 anos-.

Durante o acto, tamén se recoñeceu as mellores gandarías do Concurso de Gando Frisón, da Exposición de Gando de Rubia Galega e da Poxa de Gando Selecto, que se celebraron durante a fin de semana no recinto Manuel Vila de Muimenta, que acolleu tamén unha ampla exposición de maquinaria agrícola e de postos de artesanía.

Nos concursos de gando, no que participaron 90 reses de 17 granxas, o tí-



tulo de Vaca Gran Campioa foi para a veterana Rey 814 Beemer Yuri, que en agosto fará sete anos, e que revalidou o triunfo no XXXVIII Concurso de Gando Frisón de Muimenta. Yuri gañaba en vaca adulta, pero non foi o único premio para esta gandería. Rey 946 Jacoby Mahendra facía o propio en vaca intermedia de catro anos. Rey de Miñotelo colleitaba ademais dous títulos na competición de xatas e xovencas, os de Rey 1246 Dani Brahina e Rey 1174 Thunders-torm Holy, que ademais foi designada polo xuíz do certame, Bonet Cid, como Xovenca Campioa.

Estas catro vitorias foron cruciais para que se levara esta granxa pastoricense o título de Mellor Criador de Vacas, coa gandería Carro de Mesía

(A Coruña) no segundo lugar. En Mellor Criador de Xovencas, a coruñesa fíxose co título grazas con Casa-Nova MR Sugus Choice ET e Casa-Nova Gigi Blasla. Sumaba, ademais, unha terceira vitoria coa vaca Casa-Nova Galir Denver 1497.

A gandería xermadesa A Lagoa Serabel acadou dúas vitorias con Kergo Ozalid 6818 (vaca adulta de cinco anos), que foi tamén reserva da Gran Campioa; e Vilarmor Cayenne Nanci (tres anos), gañadora do título de Vaca Intermedia Campioa. O recoñecemento de Xata Campioa foi para PozoSaa Fitters 0259, da luguesa Casa Pozo. Ademais, a debutante Gorrello, de Castropol, faciase co título en vaca nova ata 28 meses con Gorrella Chekia Hannans.

Cospeito

Nas últimas eleccións, o PSOE quedou só na oposición, trala desaparición do BNG, escano que se quedou o PP



PSOE: “Atópome actualmente cun grupo de xente traballadora ao meu carón e militando no meu partido do que estou moi orgulloso”

DATOS

HABITANTES: 4.257.
PARROQUIAS: 20.
EXTENSIÓN: 145 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PP e 4 do PSOE.
ALCALDE: Armando Castosa Alvariño, do Partido Popular.
VOCEIRO PSOE: Daniel Irimia Yáñez.

Cospeito é a día de hoxe un concello bipartidista, de maioría popular. Nas últimas eleccións municipais, o BNG non logrou conservar o asento que tiña na Corporación, que se foi para o PP, que xa contaba con maioría absoluta, mentres que na oposición está o PSOE, que agora dirixe Daniel Irimia, trala saída da primeira liña da anterior voceira.

Así, que Daniel Irimia é novo no seu papel, aínda que a política estivo de sempre nas súas inclinacións, “como practicante, desde que rematei a Secundaria, como activo político desde 2015 e como concelleiro electo desde 2019”, explica. Empezou na política asistindo aso mitins, “eu non ía aos mitins dun partido, eu ía aos mitins de Beiras, que sigo pensando que foi e é un dos maiores intelectuais galegos desde Rosalía e Castela”, involucrouse na política local nun proxecto “na que non existiu un grupo de traballo firme aínda que si contou con xente que aprecio moito a día de hoxe e decidín deixalo”. Despois comezou con Rosa Morán e posteriormente foi designado candidato. “Acepto con unha condición: que María González e Álvaro Anllo me acompañen na lista. Dúas persoas da miña extrema confianza que afortunadamente se estenderon a máis. E así me atopo actualmente con un grupo de xente traballadora ao meu carón e militando no meu partido do que estou tremendamente orgulloso pola xente coa que

conta”.

Considera o mellor da vida política “que contribuíu a mellorar o meu arredor e que aprendo dos veciños cada día” e o peor “non poder pasar tempo coas persoas que quero. Tendo en conta que estou facendo unha tese doutoral e sumándolle a actividade política... pois evidentemente o tempo que resta para dedicarlle á familia é mínimo. Isto é unha cuestión que me doe e aínda así estou disposto a dedicarme as 24 horas do día e os 7 días da semana aos veciños”.

PROXECTO. Con esta idea, o obxectivo está claro, “desenvolver o meu proxecto político en Cospeito: se non pensara que se poden facer as cousas moito mellor do que se fan no meu municipio, non sería un activo político en primeira liña. Todo pasa por isto. Estou centrado en entendelo á veciñanza o tempo que me permite o meu traballo e o resto non me interesa”.

Sobre isto ten elaborado un plan de traballo que pivota en torno á extensión do Servizo de Axuda no Fogar, “polo tanto garantir a atención aos maiores, crear un programa de madrugadores e tardes nos colexios para contribuír á conciliación laboral, sacar adiante o PXOM para fixar poboación, revitalizar a nosa capital e fomentar o asentamento industrial, e blindar o noso rural en canto a estradas, auga da traída e contedores

en boas condicións e en plataformas. Estas cinco ou seis cousiñas, son transcendentais”. Ademais, considera necesario e urxente “dinamizar as nosas parroquias apoiando economicamente as nosas asociacións que fan un labor fantástico, crear un programa cultural que active as nosas casas da cultura e poñer en valor a nivel turístico e veciñal a Lagoa de Cospeito e a Torre de Caldaloba”.

O LABOR OPOSITOR. Para Daniel Irimia o importante é a relación cos veciños, como papel dun representante da oposición, traballar para todos sen ningún tipo de distinción, escoltalos, axudarlles no que sexa preciso e respectar por encima de todo a súa discreción. “Desde que eu teño o inmenso orgullo de liderar a oposición, nosoutros obramos así e obraremos así. Xa van aló case dez meses desde que exercemos como tal e a diferenza entre o Grupo Municipal que hoxe lidero e o Grupo de Goberno sumado á anterior oposición é moi clara ou diáfana: presentamos máis preguntas e mocións que presentou o resto en toda a lexislatura anterior. E isto non é un mero traballo de escribilas e presentalas no Pleno: se os veciños non nolo pediran, pois parte deste labor non existiría. Saben perfectamente que temos un compromiso firme de raíz con eles”. Defende tamén o traballo que se realiza día a día a través da Deputación. “Como todos os veciños saben

o meu partido ten responsabilidades de goberno na Deputación, eu creo que desde ese ente se ten colaborado moito e se colabora co noso concello. Cun Plan Deputación que achega preto de 400.000 euros anuais para alumeado público, asfaltado, etc; coa recente entrega do Polígono Industrial da Feira do Monte, as subvencións destinadas ás asociacións, á Moexmu, á Festa da Filloa, o asfaltado de novo que se fará da LUP17-02 da Feira do Monte, podería aburrirme enumerando. Así que o meu partido axuda na medida en que aposta polo rural; investindo no meu concello e mentres eu siga á fronte que ninguén dubide de que investirá aínda máis”.

O GOBERNO. Sobre as relacións co partido do Goberno non está tan satisfeito, “Eu esperaba que no Pleno tiveran algo máis de altura política e coidaran máis a comunicación coa oposición. Podo chegar a entender a tensión do Pleno, pero son uns veciños máis, compañeiros de Corporación, que lles quero ben e aprecio. Pola miña parte tamén lles axudo no que precisen, agás en pedir o voto que o fan demasiado ben”. E como bo estudioso, afirma que “todo aquel que goberna debiera ler o poema *Ti onte, mañán eu* da nosa Rosalía (en Follas Novas), e toda oposición debe saber serenar a quen goberna, no caso de que se emborrache de poder”.



Tomé fai a entrega ao Concello do polígono da Feira do Monte

A Deputación de Lugo fixo entrega este venres ao Concello de Cospeito do polígono industrial que construíu a institución provincial cun investimento de 1,3 millóns de euros. No ano 2020 asumiu o proxecto de construción do polígono industrial de Cospeito, que estaba en mans da extinta Suplusa. As obras consistiron no movemento de terras, instalación das redes de saneamento, pluviais, abastecemento, alumeado público, telecomunicacións, gas, centro

de transformación e sinalización do complexo.

De feito, a Xunta de Goberno comunicou ao propio Concello que debe dar cumprimento ao disposto na cláusula cuarta do convenio de colaboración, que dispón “que lle corresponde á entidade local dotar ao complexo dos servizos necesarios de auga e sumidoiros, con capacidade suficiente para a demanda industrial”, os servizos que faltan para que a infraestrutura

poida entrar en servizo, asegurou Pilar García Porto.

O alcalde, Armando Castosa, considera que “hoxe é un día importante para o Concello de Cospeito porque damos un novo paso para dotar ao municipio dunha nova infraestrutura de equipamento industrial. O parque empresarial de Cospeito, situado na capitalidade municipal, incidirá na revitalización socioeconómica do municipio ao favorecer o asentamento de empresas e a



creación de emprego; contribuíndo positivamente ao asentamento poboacional”.

O rexedor destaca que “é un día positivo para Cospeito, pero tamén para a provincia de Lugo porque é unha área atractiva para implantación de

novas empresas, cunha situación estratéxica. Está situado ao lado dunha das estradas de maior tráfico da provincia que comunica Lugo capital coa Mariña lucense, unha vía moi empregada tamén como conexión entre as autovías A-6 e a A-8”.

xermade

Roupar contará cun centro para maiores na Casa da Veciñanza

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración co obxectivo de converter a Casa da Veciñanza de Roupar nun centro de prestación de servizos para as persoas maiores. A institución provincial achega á entidade local 25.000 euros para financiar os gastos derivados dos traballos necesarios para a reformulación do proxecto técnico co fin de poder concorrer a axudas públicas para materializalo.

A Deputación xa asinou con anterioridade un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a realización desta proposta que se artellou en torno ás edificacións da Casa Reitoral e da Casa Habanera de Roupar e que contou coa estreita colaboración da Asociación de Veciños deste núcleo e do Concello. Unha iniciativa de carácter experimental co propósito de crear un Centro de Día e un modelo de vivendas comunitarias con servizos asistenciais,



actividade sociocultural e recursos que é replicable a outros lugares da provincia e de Galicia.

José Tomé sinalou que este traballo froito da colaboración conxunta entre o movemento asociativo, a Universidade pública e as institucións, e que recibe a denominación de Casa da Veciñanza, “busca o envellecemento activo e favorecer que as persoas maiores se poidan quedar a vivir na súa localidade ou zona de residencia contando cos recursos axeitados para poder facelo, o que axuda a fixar poboación”.

Así mesmo, explicou que as políticas sociais son unha prioridade para a institución provincial, que dedica a este eido máis dun terzo do total dos orzamentos, “contamos cun amplo sistema de protección social do que forman parte unha rede propia de centros públicos de atención a persoas maiores; a colaboración económica cos concellos da provincia para que poidan prestar o Servizo de Axuda no Fogar e o servizo de teleasistencia domiciliaria as 24 horas do día totalmente gratuito para os usuarios e usuarias”.

O PP presenta varias iniciativas dirixidas ao Goberno local

O PP esixe ao goberno local “a correcta limpeza dos camiños e cunetas antes das épocas de choivas para evitar a súa desfeita”. O portavoz, Antonio Riveira, explica que “se se realizan os labores de conservación previos á época de grandes chuvias, a auga podería evacuar e os camiños non sufrirían arrastres que rematan por desfacerlos e convertelos en inservibles para os veciños”.

Tamén esixe ao goberno local máis precaución e control á hora de acometer obras. Os populares critican “as malas formas e a falta de planificación para a execución das actuacións para a instalación da nova depuradora en Momán” porque “poden supoñer a inutilización da fonte do Mariñeiro, un manancial de auga potable con sonda de uso por parte dos veciños ao que non se pode acceder e, moito menos, empregar para aproveitar a auga”.

Finalmente, pide ao goberno local revise o contrato coa empresa que está a prestar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para mellorar a situación das traballadoras, o que repercutiría nunha mellora do servizo. Os populares trasladaron no último pleno esta medida como “solución provisional ata que se licite un novo contrato ou asuma o servizo o Concello”.

A asociación veciñal de Cabreiros continúa o ciclo de catro rutas

Como todos os anos, dende a Asociación de Veciños de Cabreiros, organizan saídas a diferentes rutas de sendeirismo para seguir coñecendo e gozando da paisaxe e da natureza, intentado que haxa variedade en canto aos atractivos e características das camiñadas.

As camiñadas derón comezo o sábado 23 de marzo pola Ruta da Carballeira, Ruta Pena da Noira e Dolmen Forno dos Mouros.

No mes de abril haberá dúas rutas. A primeira está prevista para o día 13, para facer a ruta arqueolóxica do Acevedo, en Outeiro de Rei, que ten 11 quilómetros e unha dificultade baixa. Esta ruta dá comezo en Marful, xunto á igrexa e percorreren zonas consideras Ben de Intere Cultural.

O domingo 21 o percorrido será polas Pontes, concretamente a ruta do río Ponte da Pedra, que ten 12,5 quilómetros de dificultade baixa. Esta ruta comeza no lago para facer un percorrido polas antigas instalacións mineiras.

Rematarán o ciclo o domingo 12 de maio par facer a ruta polos Muíños

do Xábrega, en Sober, de 13 quilómetros e dificultade media. A ruta comeza no pazo Casa Grande de Rosende.

A organización lembra que é importante levar calzado e roupa cómoda para estas rutas e cada quen deberá levar a súa comida, para desfrutar do xantar en plena natureza.

EXCURSIÓN Á ILLA DE TAMBO.

O Concello de Xermade organiza unha excursión á Illa de Tambo e Combarro, en Pontevedra, que terá lugar o sábado 13 de abril.

A saída está prevista diante do Concello ás 8.00 horas. Viaxarán para coller o barco á illa ás 11.00 horas, onde contará cunha visita guiada. Continuarán cunha visita ás bateas e comida no barco, que consiste en empanada, mexillóns, arroz de marisco, tarta de Santiago e café. Pola tarde haberá visita libre pola vila de Combarro. O regreso a Xermade está previsto para as 21.30 horas. O prezo da viaxe é de 40 euros por persoa, que será de 20 para os menores de 12 anos.

Ulla pide unha axuda para rematar a obra da Escola de Donalbai

O Concello de Begonte solicitou unha axuda á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para rematar as obras da Escola de Donalbai, que permitirán poñer dúas vivendas en alugueiro.

Un obradoiro de emprego realizou xa a maior parte da obra pero quedaría por facer o apartado de alicatado, fontanería e pintado, para o que pediron esta axuda, de 80.000 euros. De contar con ela, quedaría todo rematado, agás o mobiliario.

A escola de Donalbai contará deste modo con dúas vivendas para alugueiro, unha na planta baixa e outra na alta.

Ao mesmo tempo, tamén está pendente na Escola de Castro o mobiliario nas dúas vivendas que xa están rematadas e situadas ámbalas dúas na planta alta, por riba do local social.

“Deste modo, ofreceremos catro vivendas para alugueiro con obxectivo de asentar poboación na locali-

dade, están orientadas á mocidade e cremos que é unha boa oportunidade para impulsar Begonte”, dixo o alcalde, José Ulla.

EDIFICIO MUNICIPAL. Por outra banda, solicitou á Consellería de Política Social e Xuventude unha axuda para a obra de mellora da accesibilidade do edificio municipal situado nas inmediacións da Casa do Concello (fronte o mesmo), para finalizar a rehabilitación da mesma. Para poñer en funcionamento o inmovible precisase garantir o acceso á totalidade da poboación, extremo que a día de hoxe non se cumpre, ao estar limitado o acceso ás plantas altas para aquelas persoas con mobilidade reducida.

Con esta axuda instálase un ascensor, e para o acceso aos balcóns, e para a súa apertura a efectos de ventilación, precisase dispoñer dunha varanda de protección que impida caídas á vía pública.



Adxudicada a obra da nova escola infantil, que podería abrir este ano

O Concello de Begonte adxudicou á empresa 07 Obras e Servizos a obra de construción da escola infantil nas inmediacións do CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño e para a que o ente municipal recibiu unha subvención de 240.000 euros.

Este proxecto permitirá a creación de 45 prazas de educación infantil de 0 a 3 anos no Concello de Begonte.

As instalacións, de nova construción nunha única planta, constarán de dúas aulas, recepción, despacho e aseos ademais dunha zona de xogos ao aire libre.

Para a construción desta escola aprovéitase o proxecto co que xa contaba o Concello para construír un Punto de Atención á Infancia (PAI).

A alta demanda existente levou ao Concello a apostar por transformar o proxecto e o alcalde, José Ulla, espera que poda estar en marcha antes de fin de ano, xa que a empresa puxo como mellora rematar a obra cinco semanas antes. “Intentaremos que poda estar en setembro, pero se non é así, contamos con tema antes do cambio de ano”, dixo.

Renovan o pavillón do colexio e compran material para o ximnasio

Realizáronse en Begonte obras de mellora da pista e do pavillón do colexio Virxe do Corpiño e tamén do ximnasio. Estas obras foron financiadas pola Xunta de Galicia e supervisadas polo xefe do Servizo Provincial de Deportes en Lugo, Manuel Otero, Cadramón. Contaron cun orzamento de arredor de 50.000 euros e a entidade autonómica aportou o 80%. As obras consistiron na substitución de todos os canos de recollida de pluviais, xa que o seu mal estado provocaba que a auga filtrase ao interior polos muros. Tamén se levou a cabo a limpeza da pista de formigón pulido, renovando a pintura. Tano esta como os canos eran os orixinais da estrutura.

Estas eran as últimas obras que quedaban no centro, que xa, anteriormente, completouse co peche perimetral, dotouse de vestiarios e renovouse a cuberta.

Esta infraestrutura é moi utilizada



para actos sociais así como para o alumnado do colexio, os adestramentos de fútbol sala e polo equipo de ximnasia rítmica.

Ademais, o Concello recibiu outra axuda da Xunta, de preto de 12.000

euros para a compra de distintos equipamentos, cos que adquiriu porterías, canastras para o pavillón e material para o ximnasio municipal, como cintas, mancornas e pesas.

O PP solicita de novo facer unha visita á nave da Deputación

En cumprimento coa resolución da Valedora do Pobo, os deputados do Grupo Provincial Popular rexistraron unha comunicación para poder visitar a nave que a Deputación de Lugo ten en Begonte e que o goberno provincial converteu nun lugar de desmantelamento de catamaráns e un vertedoiro provincial para tirar restos de obras.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, explica que, para facilitar ao máximo a visita, na comunicación rexistrada o mércores 3 de abril sinalamos a nosa intención de “na vindeira semana, na data que o equipo de goberno propoña coa suficiente antelación” poder visitar estas instalacións “co fin de comprobar en que condicións se atopan as mesmas, así como que material e maquinaria albergan”.

Os deputados entenden que “o goberno provincial ten a marxe suficiente para organizar a visita e, se é necesario, designar o persoal que acompañe aos deputados populares e habilitar as medidas de seguridade que dende a institución estimen convinte”.

O voceiro recorda que “non é a primeira vez” que tentamos visitar estas instalacións no polígono de Carral, (xa se realizaron comunicacións para a súa visita o 24 de novembro de 2023 e 29 de febreiro de 2024) “pero José Tomé sempre vetou o acceso”.

O remate da obra da contorna da igrexa está pendente dos detalles



O equipo de Goberno rematará a obra do aparcadoiro da contorna da igrexa e do colexio cando mellore o tempo, pero xa están en servizo as novas beirarrúas.

A través do obradoiro de emprego, o organismo local realizou unha mellora de toda a zona que implicou a construción de beirarrúas para mellorar a seguridade dos peóns na zona, tamén se ampliaron as prazas de aparcamento e se delimitou o peche do adro da igrexa. Nesta intervención o Concello tivo que pedir ao Bispado a cesión dunha parte do adro, que permitiu ampliar en 6 metros a vía, que era moi estreita e provocaba algo de caos na entrada e saída dos nenos do colexio.

Esta obra afectará tamén á futura

escola infantil, xa que véñse de facer ao mesmo tempo o acondicionamento dos accesos.

Esta obra realizouse por medio do taller dual de emprego que comparte Begonte cos concellos de Rábade e Friol, que conta con 20 participantes.

Queda pendente por facer varios detalles así como a plantación de árbores e corticeiras pero como o tempo non acompañaba decidiron trasladar aos traballadores a Rábade durante un tempo. Despois volverán a Begonte para completar os traballos.

“O importante é que agora está acabada a obra principal e está habilitado o aparcamento e as beirarrúas para ofrecer a seguridade que necesitabamos”, dixo Ulla.

Imparten en Begonte un obradoiro sobre o uso de medicamentos

O Concello de Begonte, en colaboración coa Escola Galega de Saúde, organiza o lun 15 de abril un curso sobre o uso axeitado de medicamentos dirixido a pacientes, familiares, cuidadores de persoas dependentes e cidadanía en xeral, con carácter gratuito.

Os obxectivos do mesmo son promover un uso adecuado dos medicamentos, concienciar á poboación, sobre beneficios e riscos asociados ó uso dos medicamentos, e transmitir a importancia da adherencia ó medicamento.

No curso trataranse os conceptos

dos medicamentos, como actúan, contraindicacións, interaccións, efectos secundarios e xenéricos. Tamén falarase da automedicación, dos antibióticos e o seu abuso e a diferenza entre virus e bacterias. Completarase o relato coa conservación e preparación dos distintos medicamentos, dos especiais da terceira idade, as pluripatoloxías e polimedicados e a reciclaxe dos medicamentos no Punto Sigre.

O curso será impartido polo docente Enrique del Arco Herrero, licenciado en Farmacia e técnico en Prevención de Riscos.

Begonte lembra a obriga de limpar de maleza as leiras próximas a casas

O goberno local de Begonte lembra aos propietarios de terreos situados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural a obriga de mantelos nun estado axeitado de limpeza e coa masa vexetal rozada antes do día 31 de maio, atendendo ás distancias establecidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios (Lei 3/2007 do 9 de abril).

A partir do 1 de xuño, o Concello, xunto a Garda Civil e axentes

forestais, comezará a campaña de vixilancia e inspección para comprobar o cumprimento desta lei que, en caso contrario, levará “o inicio de expedientes sancionadores” aos titulares das leiras destas características.

O incumprimento destas obrigas, transcorridos os prazos correspondentes, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, con multas de entre 300 e 3000 euros.

CENTENARIA



A veciña de Illán, en Begonte, Carmen García López, celebrou o seu cento catro aniversario de vida e o Concello de Begonte quixo estar presente neste día tan especial. O alcalde, José Ulla, desprazouse ata a súa casa para facerlle entrega dun agasallo de parte de toda a veciñanza.

O festival Entrepontes pecha o cartel para maio

O colectivo Fillos da Chaira de Rábade pechou o cartel do Festival Entrepontes, a segunda edición, que se organiza na vila e que terá lugar o 25 de maio. Será unha cita coa música gratuíta para os asistentes.

A primeira confirmación do festival foi o grupo Lontreira, ao que seguiu o representante do celtic punk Tecor Societario. Outro dos grupos que completan o cartel do Entrepontes será Berta Frámlin, que cautivará coa súa mestura de soul, psicodelia, new-wave e rock actual.

Rábade tamén será o escenario para

a estrea de Catalina Grande Piñón Pequeño en Galicia, onde ofrecerán a súa primeira actuación nun festival da comunidade.

E para a sesión vermú, algo de humor, estarán no Entrepontes The Teta's Van coas súas versións do rock'n roll. Pecha o cartel Marqués de Vilapodre DJ, que fará unha sesión cos mellores temas para que a troula continúe.

A organización preparará este mes que falta máis actividades para completar en festival que naceu o ano pasado con aires de continuidade.

Remata unha edición moi especial do Máster de Fútbolín de Rábade



Rábade pechou a edición máis especial do Máster de Fútbolín esta fin de semana cun récord de participación e de público neste 25 aniversario.

Durante catro días desenvolveuse esta competición na que participaron un total de 567 parellas, 300 en movemento, 235 e parado e 32 na feminina.

Ao tratarse dunha edición moi especial, este ano repartíronse 15.000 euros en premios e 137 trofeos, o que supuxo un total de 5.000 euros máis que anteriores edicións.

Na modalidade de parado a parella gañadora foi a composta por Tomás e Villa; en segundo lugar quedaron Torino e Álvaro e de terceiros Juan e Barciela.

En movemento os campións foron Celeste e Barciela, por diante de

Sergio e Asier e Toni e Palomo. Finalmente, na categorías feminina as gañadoras foron Lutxi e Torreira e a segunda praza ocupárona Paula e Alba. Completaron o podio Rocío e Mari. A cuarta parella foi a formada por Nerea e Gema.

Tamén contaron de novo con varios trofeos. O Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular, foi para Diego Barciela; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador correspondeu a Villa, e o trofeo David García, para o mellor porteiro foi para Sergio. Continuaron tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador da comunidade autónoma, para Suso; o trofeo Bola Meiga á mellor dianteira feminina, para Nerea; o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa, para Pa-

lacio Vega de Asturias; o trofeo Galicia ao mellor xogador da provincia de Lugo, correspondeu a Álvaro, de Begonte, e o trofeo Merchi á mellor xogadora, que foi para Lutxi. Con este último querease ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Engádesse o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda, que foi para Paula, da Coruña.

Nesta gran festa do fútbolín colaboran a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo (Vicepresidencia), e a área de Mocidade do Concello de Rábade.

Ademais, este ano recibiron da Federación Galega de Fútbol, no nome do seu presidente, Rafael Louzán, unha placa en recordo dos 25 anos de defensa do fútbolín en Rábade.

abadín

O festival Rumboia Viva fai pública a lista dos grupos participantes

A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, anunciou a próxima celebración da segunda edición de Rumboia Viva, un festival cultural que terá lugar o próximo mes de xullo, na porta da Terra Chá. A data que avanza o colectivo é o 27 de xullo.

O pasado ano, esta celebración tivo un gran éxito e este ano no se espera menos cos artistas confirmados que presentou a organización. Así, a falta, do cartel definitivo, abriu esta lista Familia Caamagno, e sumáronse posteriormente Lontreira, Grande Amor e Mondra. Ademais

estarán dous DJ de prestixio, Peabody e Yaya. Pecha o cartel un toque enxebre da man de AC Andrade, que terá a misión de inaugurar unha tarde noite de música onde se combinarán as pandeiretas, a tradicional e algunhas regueifas.

O colectivo continúa a traballar no deseño do programa no que haberá moitas actividades ademais da música. Así, teñen prevista ter algo de gastronomía, artesanía, xogos e obradoiros, entre algunha sorpresa máis. A organización adiantou que este ano van poñerse a bailar "ata as queirugas"

Instalan 6 contedores de aceite usado e comezan as obras en Coronel Andrade

O Concello, coa colaboración de Gestión de Residuos, instalou seis novos contedores para a recollida de aceite de cocina usado. A Asociación sen ánimo de lucro VI.NI.A colabora na súa posterior recollida para que poida ser reutilizado. Os contedores súmanse aos que xa hai no campo da feira e xunto ao colexio.

É preciso depositalo en botellas de plástico pechadas.

Os puntos nos que pode depositarse son na rúa Coronel Andrade coa Estrada de Vilalba, na avenida da Coruña á altura dos desvío cara a Friol, na avenida da Coruña fronte á librería Arbelos, ao lado da pasarela, estación do tren, nos Remedios e na estrada Bos Aires esquina coa avenida da Coruña.

O Goberno local acometeu o arranxo das deficiencias atopadas ao recibir o Parque da Praza Castela e os seus arredores; como os acabados de-



fectuosos, a falta de papeleiras -xa instaladas-, o consumo continuado de auga -ao que xa se lle puxo unha billa-, as árbores en mal estado, que van ser saneadas, ou as fochancas nas beirarrúas.

CORONEL ANDRADE. O alumnado do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII traballa na primeira metade da rúa Coronel Andrade rea-

lizando as beirarrúas e dotando a vía de servizos. O taller de emprego está formado por 13 alumnos e alumnas, 5 deles do propio concello.

Durante un ano o alumnado vai adquirir coñecementos teóricos e prácticos en especialidades relativas á construción: operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización e revestimentos con pezas ríxidas por adherencia.

CENTRO DE DÍA



O centro de día de Abadín celebrou o quince aniversario da súa fundación nun acto no que participaron todos os usuarios e a dirección, así como persoal do centro. Os maiores leron unhas frases dedicadas ao mesmo que logo colocaron nas paredes para que foron lidas polo resto de usuarios e visitantes. Tamén recibiron unhas palabras da dirección e participaron nunha reunión con merenda. O centro de día de Abadín conta con 40 prazas e ofrece unha atención integral aos seus usuarios. Conta con servizo de comedor, con cátering, e transporte adaptado.

DEPUTACIÓN

O organismo investirá 3 millóns de euros na roza da rede de estradas da provincia

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un investimento de máis de 3 millóns de euros para acometer as tarefas de roza dos 4.217 quilómetros de estradas provinciais. Así o anunciou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que a licitación do contrato para a prestación do servizo terá unha duración de dous anos, prorrogables por outro.

García Porto subliñou que “a rede viaria da Deputación de Lugo é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos”, lembrando que neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato. Uns recursos destinados a tarefas de mellora, de desbroce, de conservación e de mantemento das vías. Detallou a Deputada que o contrato para os desbroces cuxa licitación aprobou este venres a Xunta de Goberno está dividido en 24 lotes, correspondentes ás distintas zonas xeográficas da provincia, “para facilitar o desenvolvemento máis áxil e eficiente dos traballos”, engadindo que se trata dunha “tarefa fundamental” coa que a Deputación de Lugo “mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención dos incendios”.

O Plan Deputación repartirá 25 millóns de euros nos 67 concellos

O Pleno da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, que nesta anualidade conta con 21,75 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta en total máis de 25 millóns de euros de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que superan os 2,5 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o cuarto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos “planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas”. Tamén animou á Xunta de Galicia a poñer en marcha “unha ferramenta similar” para “garantir a equidade” no reparto dos fondos públicos e “evitar usos partidistas” dos mesmos.

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que con este instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia “con criterios públicos e obxectivos”, e que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo



do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar preto de 17 millóns de euros -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 331 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7 millóns cos que crearán 301 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3 millóns para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2024, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o Plan Deputación. A deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou

que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10 millóns de euros con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano alcance os 21,75 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de 4,3 millóns de euros de remanentes ao Orzamento deste ano 2024 para “seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impulsar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego, nun contexto que continúa sendo complicado para a cidadanía”, detallou López.

O Goberno provincial aproba as liñas de axuda ao tecido cultural de base e asociativo

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo aproba cun orzamento de 380.000 euros as bases para a convocatoria de axudas para o tecido cultural de base. A Xunta de Goberno aceptou o procedemento que permitirá as entidades culturais desenvolver actividades culturais e mellorar os locais.

Trátase de dúas liñas de axuda, unha destinada á organización de actividades de promoción e dinamización cultural, cun importe de 255.000 euros, e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais, de 125.000 euros.

A deputada de Cultura Iria Castro destacou que “este ano mantemos o orzamento da última edición, o que permitirá continuar reforzando o apoio ás asociacións culturais de base, na súa maioría colectivos pequenos que se sosteñen grazas á implicación desinteresada de persoas preocupadas pola cultural, pola lingua e o patrimonio e que cumpren un papel fundamental para garantir o acceso á actividade cultural en todo o territorio”.

Sinalou tamén a importancia destes investimentos que permiten que “os colectivos do rural programen actividades e impulsen tamén estudos, investigacións e iniciativas de posta en valor do patrimonio local”.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia abríndose daquela o prazo para facer as solicitudes.

Ofrecen case 2.000 prazas para o programa ‘Coñece a túa provincia’

A Deputación de Lugo ofrecerá este ano preto de 2.000 novas prazas no programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, tal como explicou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, que explicou que a Xunta de Goberno aprobou a convocatoria dunha nova edición desta iniciativa, dirixida a entidades asociativas sen ánimo de lucro de calquera dos 67 concellos lucenses.

“Reeditamos polo tanto este programa, que desde a súa creación hai xa tres anos tivo unha gran

acolida e supón un revulsivo importante para a actividade social e económica da nosa provincia a través da promoción do territorio”, valorou García Porto, quen sinalou, que desde setembro do 2021, máis de 8.000 participantes de 358 asociacións xeraron un retorno económico estimado de máis de medio millón de euros.

Nesta tempada do 2024, cada excursión incluírá como en anos anteriores o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, menú de xantar e entradas e visitas ós

diferentes lugares de interese. Con cada grupo irá en todo momento un guía acompañante.

As visitas serán realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal encargado de atención ó público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa. As solicitudes para participar poderán formularse durante un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

PLAN DE FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto aos deputados de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, e de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, entregou no Salón de Actos do Pazo de San Marcos os diplomas aos empregados e empregadas públicos da propia institución e de 39 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2023, no que participaron máis de 300 persoas. A Deputación organizou 20 accións, con máis 760 diplomas expedidos, pois nalgún caso cada persoa realizou varias formacións.

COLABORACIÓN

Trinta anos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Que non son nada, pero madialevan a ser. O domingo vinte e catro de marzo celebrouse a trixésima Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá. É un número considerable de edicións, que de forma ininterrompida foron tendo lugar, agás o ano da pandemia Covid, resultando un evento plenamente consolidado e que se une así a outros moitos que se desenvolven ao longo da nosa xeografía e que enxalzan produtos típicos dunha determinada zona. Previamente, desde o Concello de Friol recoñeceu-se nun emotivo acto as queixas que foron pioneiras naquel ano noventa e tres, na primeira feira; mulleres que vendían os

seus queixos na casa ou nalgún mercado próximo, pero que naquela ocasión foron convencidas para que deran un paso máis e participaran no que sería o xermolo dunha feira que non parou de colleitar éxitos ano tras ano. Unha a unha foron citadas; varias delas tristemente xa faleceron e outras cunhas idades moi avanzadas e coas lóxicas dificultades de saúde. Pero algunhas desas mulleres aí estaban presentes, constatando o seu facer durante todo este tempo. No documental proxectado, observouse a evolución da festa, que sería declarada de interese turístico galego, ao longo destas tres décadas; así, desde uns humildes toldos onde as vendedoras se expoñían ás inclemencias meteorolóxicas, pasouse a unha moderna carpa que dá refuxio aos distintos postos de venda, facilitando o labor das persoas que ofrecen a súa

mercancía e a do público que se achega para ver e sobre todo para mercar.

Tanto o queixo como o pan son dous produtos emblemáticos de Friol, un típico municipio do interior galego, caracterizado por unha constante mingua na súa poboación e o conseguinte avellentamento. Iso ten unhas especiais dificultades para asegurar o relevo xeracional na elaboración tanto do queixo como do pan. Aínda así, algúns exemplos convidan ao optimismo, garantindo a continuidade nos vindeiros anos. A incorporación de rapaces e rapazas moi novos, os cales, sendo poucos en número, dilapidan tal entusiasmo e ilusión que cómpre telo en conta e non deixalos esmorecer. É esta xuventude que aposta polo rural a que precisa de todo o apoio habido e por haber para que saian adiante.

As feiras como esta, na que se



enxalza un determinado produto –ou máis– supoñen un pulo económico nas localidades nas que se celebra. Por unha parte, facilítase a venda, xa que a asistencia a este tipo de actos adoita ser considerable. Por outra banda, os negocios locais, sobre todo bares e restaurantes, fan o seu particular agosto. E a publicidade cara o exterior do concello en cuestión, resulta evidente.

Pero sempre se debe ir máis aló e que non quede nun só día onde todo é alegría. É necesario aproveitar ese bo facer de mulleres e homes, auténticos heroes da Galicia Rural, a quen non se pode deixar desamparados. Por en valor iso é a misión das distintas administracións, sobre todo a local, e da cidadanía en xeral. Aí estará a clave dun futuro onde se fuxa do fracaso.

Si este é o pobo de Deus, que o demo me leve

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Don Manuel Curros Enriquez, no poema “Mirando ó chau”, afirma que Deus ollaba a terra desde o ceo e vendo as inxustizas e maldade que había neste planeta, exclamou: “Si eu fixen tal mundo, que o demo me leve”. Eu acordeime desa escena ao ver o xenocidio que están levando a cabo os xudeus en Palestina; eles que se auto-consideran o pobo elixido por Deus, como está escrito na Torá, o libro sagrado da súa relixión. É certo que no Holocausto máis de seis millóns de xudeus foron exterminados polos nazis nos guetos e nos campos de concentración, pero eles, sabedores do sufrimento que lles causou ese Holocausto, na vez de procurar que iso non volviera suceder e que ningunha outra nena ou neno tivera que escribir “O Diario de Ana Frank”, como fixo a probe Ana nese diario que aconsello ao lector, pero fixéronse donos desa ideoloxía e agora, convertidos en nazis de corazón e

pensamento, dedícanse a asasinar covardemente aos mais débiles: mulleres e homes desarmados, pero sobre todo nenos e nenas, para que non cheguen a idade de procrear nin poidan sequera escribir o seu “Diario”, coa maligna intención de facer un xenocidio e exterminar ao pobo palestino, quedándose coas terras nas que viviron os seus antepasados desde fai moitos séculos.

A verdade é que non empezaron agora, pois xa cando, o 14 de maio de 1948, a ONU creou o Estado de Israel nese territorio, que antes se chamaba Palestina, empezaron o xenocidio. Desde aquela asasinaron miles de árabes; creando colonias nas súas terras e violando os acordos das Nacións Unidas, facendo caso omiso dos seus acordos, sobre todo a Resolución 182, que optaba por dividir Palestina en dous Estados, un árabe e outro xudeu, con un réxime internacional especial para Xerusalén, pero desde aquela levan facendo esas atrocidades nazi-fascistas, co apoio estadounidense, e o Estado palestino aínda hoxe non existe. Non é que o diga eu, pois dese nazismo sionista e imperialista xa falaba o tamén xudeu, Albert

Einstein, cando en 1948 criticou ao Partido Herut (Liberdade) de Menachem Begin pola masacre na aldea de Deir Yassin, atribuída a milicianos do Irgún e do Leji, que asasinaron máis de 120 civís e comparou Herut cos “partidos nazis e fascistas”, afirmando ademais, “que o incidente de Deir Yassin exemplificaba o carácter e as accións do Partido da Liberdade”. Daquela dixo: “Hoxe Herut fala de liberdade, democracia e antiimperialismo, pero é nesas accións onde ese partido terrorista traizoa o seu verdadeiro carácter”.

No próximo maio cumpriranse 76 anos de asasinatos e masacres indiscriminadas de palestinos e palestinas ano tras ano, pero agora poñen como escusa a súa defensa para levar a cabo unha guerra contra unha poboación civil indefensa e contra os hospitais onde atenden aos feridos. Din defenderse, arrasando con todo tipo de construcións civís; asasinando e matando de sede e fame mulleres e homes, nenos e nenas sen armas e utilizando a axuda humanitaria internacional como rateira, pois na noite do 29 de febreiro, asasinaron 118 persoas e feriron indiscriminadamente outras 760, que

ían coller armas tan necesarias e perigosas como a fariña e outros alimentos.

Durango e Gernika foron, en 1937, as primeiras poboacións bombardeadas nunha guerra. Foi a Lexión Cóndor hitleriana quen levou a cabo aquela “Operación Rügen” contra civís, pois até daquela había un certo humanismo e as normas da ONU vían mal ese tipo de guerra totalitaria; foi un acto tan horrible que incluso quixo negar o franquismo. Pero o sistema capitalista salvaxe de hoxe deshumanizouse e xa non senten noxo os dirixentes socialdemócratas da UE por eses actos crueis que leva a cabo un dos mellores exércitos do mundo, bombardeando impune a unha poboación civil. Os xudeus saben que contan co apoio incondicional de Estados Unidos, “o país da democracia” e creador de organizacións terroristas, que pon ditadores onde lle peta e aos que lles dá barra libre para facer o que queiran, pero chama a atención que ante tanta barbarie, tanto terror e sufrimento inflixido a este pobo árabe para quitarlle as súas terras e o seu gas, atopado agora na costa de Gaza, case todos os dirixentes da



Unión Europea e doutros pobos occidentais, como bos lacaios dos ianquis, asubían e miran para outro lado, despreciando a vontade dos seus pobos, que saen ás rúas indignados contra ese xenocidio. As ministras de Exteriores deste “xardín europeo”, que di Borrell, arrefriaron o pasado 19 de marzo a posibilidade de sancionar Israel polos seus crimes. A falta de consenso impediu revisar as relacións comerciais, como pedían o Estado español e Irlanda, e só serán sancionados seis colonos pola violencia sobre a poboación palestina, coma se fora cousa de catro tolos e non dun xenocidio. Si este é o pobo elixido por Deus, que o demo me leve.

TERRA CHÁ

Confirmada a construción das residencias de Abadín e Riotorto

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou que esta vai financiar a construción, mellora e ampliación de 24 centros de atención aos maiores (residencias, centros de día, vivendas comunitarias, centros sociais...) ao abeiro do Plan de investimentos para equipamentos sociais polo que o Goberno galego pon á disposición dos concellos 18,5 millóns de euros.

Do centenar de propostas presentadas polos concellos a este plan resultaron finalmente seleccionadas 24, o que, tal e como explicou Rueda, "suporá a construción de doce novas residencias; reformar ou ampliar outras seis; impulsar catro novos centros de día; poñer en marcha un novo centro social e crear un centro integral de atención aos maiores con servizos de centro de día e residencia". Ademais, con estas actuacións está previsto que "se creen 500 novas prazas públicas de atención residencial e outras 150 de atención diúrna".

Así, na provincia de Lugo construíranse dúas residencias, unha en Abadín e outra en Riotorto, nas



que investirán 1.200.000 euros en cada unha.

Unha vez escollidos os proxectos, o seguinte paso será a sinatura de convenios de colaboración plurianuais con cada concello, para desenvolver as actuacións entre este exercicio e o próximo. A previsión é que estes acordos se asinen no primeiro semestre deste ano.

Este plan de investimentos comezou hai dous anos coa sinatura dun acordo marco coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e tras o que se abriu un

prazo para que os concellos presentasen as súas propostas.

Unha comisión de traballo formada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fegamp encargouse de avalialas e decidir as seleccionadas.

Nesta selección deuse prioridade aos proxectos dos concellos de menos de 20.000 habitantes, tendo máis puntuación aqueles con menor poboación; dos que non tiveran recursos semellantes aos que queren construír e a aqueles cunha maior viabilidade técnica e económica.

A estrada entre Begonte e Rábade, entre as máis perigosas de España

A Fundación RACE, como membro de iRAP, levou a cabo o informe de Avaliación de estado da Rede de Estradas do Estado (RCE) do período 2020-2022. Do total de 25.100 quilómetros analizados, e a súa relación cos datos de accidentalidade que se rexistraron nese período, o informe da Fundación RACE mostra un risco elevado de perigo (medio-alto e alto) en 1.974 quilómetros, o que supón case un 8% sobre o total de km da rede de estradas analizada.

Segundo os datos do informe localizáronse un total de 56 tramos de Risco Elevado (8 máis que no informe anterior), dos cales 9 son tramos Negros, considerados de Risco Alto para a seguridade dos seus usuarios. Por outra banda, hai 47 tramos considerados Vermellos, cualificados de Risco Medio-Alto.

En concreto, o tramo máis perigoso está na N-6, en Galicia, entre os puntos quilométricos 517,1 e 528,5, que corresponde ás localidades de Begonte e Rábade. Esta

é a estrada cun maior risco para sufrir un accidente grave. O resto dos tramos negros de alto perigo atópanse na N-323 (Andalucía), N-631 (Castela e León), N-345 (Murcia), N-432 (Andalucía), N-502 (Catilla e León), N-634 (Cantabria) e N-340 (Comunidade Valenciana). Péchase este grupo de estradas perigosa coa N-642, entre o inicio da vía e o quilómetro 8, que vai desde a aldea de Porto da Abaixo, en Ribadeo, xusto no límite con Asturias, e que sobe pola vía paralela á ría ata Ribadeo.

Por comunidades, Cataluña é a que presenta unha maior proporción de estradas consideradas de risco elevado, co 11,3% de vías, seguida de Castela e León con 9,9%.

Os tramos que preocupan especialmente son o da N-323 en Granada (entre os quilómetros 172,5 e 190,3), o da N-634 entre os pk 232,8, e o 243,1 en Cantabria, xa que levan repetíndose entre os máis perigosos de España desde o informe de 2019 e 2021.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COspeito

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

DEPORTES

Organizan unhas xornadas de actualización para adestradores de fútbol sala na sede pontesa

A Real Federación Galega de Fútbol, a través do Comité Galego de Adestradores, segue virando por Galicia coas Xornadas de Actualización e Reciclaxe que acreditarán as horas de formación que cada técnico terá que xustificar a partir da temporada 2025/2026 para poder tramitar licenza de adestrador en España. Para obter o Certificado de Actualización e Reciclaxe esixido pola RFEF e poder así tramitar licenza de adestrador en España cada técnico terá que xustificar a asistencia a 15 horas de formación cada tres anos desde a tempada 2025/2026 para ter o certificado en vigor.

O luns 15 de abril terán lugar as IV Xornadas de Actualización e Reciclaxe para adestradores de fútbol sala nas Pontes o aforo será limitado.

claxe para adestradores de fútbol sala nas Pontes. A actividade levarase a cabo desde as 17 ata as 22 horas tanto no Centro de Usos Múltiples Casa Dopeso (parte teórica) como no Polideportivo As Pontes coa participación de relatores de primeiro nivel. Entre eles estarán Juanlu Alonso (adestrador do Quesos El Higaldo Manzanares FS), Joel Rocha (adestrador da SC Braga) e Íñigo Martínez Corchete (seleccionador nacional sub 19, sub 17, sub 15 feminino e adestrador asistente da Selección Española absoluta feminina).

Para estas IV Xornadas de Actualización e Reciclaxe para adestradores de fútbol sala que terán lugar nas Pontes o aforo será limitado.

Movemento logra 16 medallas na previa do Mundial de Danza

A Escola de Movemento de Vilalba volveuno facer. Novamente veu cargada de premios do clasificatorio do Dance World Cup celebrado en Burgos.

Un total de 16 coreografías, das 30 que levaban, lograron pasar á seguinte fase. Pero ademais tamén volveu cargada de metais. Así obtiveron seis ouro, que corresponden ás coreografías Chosen Family, Nihon, Shin Dien Dai, Aracnophobia, Ego e Espantallo. Esta última foi moi apreciada polo xurado.

A prata foi para outras catro coreografías: Aladdin, The 2000's, Acro Bharat e Gallaecia. E non podía faltar os bronce, que foron para Braves, Eu ghoberno a miña vida, Como un soño que pasa, Partners, Asícar e Miña Terra.



Houbo unha coreografía, 36, unha homenaxe ás vítimas da Guerra Civil que malia quedar sétima emocionou ao público e ao xurado.

A escola levou á competición un total de 105 bailaríns desde os 4 aos 17 anos que competiron, unha vez

máis, contra máis de 1.500 grupos de baile.

Agora, o seguinte paso é a final, que este ano será o 27 e xuño en Praga pero a que poderían non asistir debido ao elevado gasto que supón para as familias.



Kevin Cuba, dúas medallas no Campionato de España de loita

Os deportistas do Club Loitas Olímpicas de Vilalba volveron a destacar na súa participación nos campionatos de España das categorías U13, U15 e U17, que tiveron lugar no Palacio dos Deportes de León.

En U13 trouxeron o ouro de Jimena García en menos de 60 kg e o 5º posto de Héctor Somoza nunha categoría 50 kg moi complicada. Enrique Seoane non puido disputar a categoría de menos 65 kg. Esta foi a primeira vez que levan deportistas á categoría U13, e aínda que tiveron máis deportistas clasificados no anterior Campionato Galego optaron por levar aos que vían suficientemente preparados para loitar un Campionato de España.

En U17 foi Kevin Cuba o que se fixo co ouro en menos de 92 kg destacando entre os loitadores ao derrotar na final ao ucraniano Ivankov, que partía como favorito da categoría. Con este xa é o segundo título de Campión de España cadete para este deportista.

O club foi o que máis campións de España aportou para a Selección Galega que se fixo co 3º posto por comunidades autónomas.

SÉNIOR. O deportista do Club Loitas Olímpicas de Vilalba Kevin Cuba participou no Campionato de España U20 de Madrid.

Kevin acadou a medalla de prata en menos de 97 kg, unha categoría de peso superior á súa e sendo aínda cadete.

O vilalbés viaxou a Madrid nunha categoría superior co obxectivo de superar a Antonio Jiménez, actual campión de España U20 e U23, e ante o que perdeu a final nun axustado combate no que Kevin tivo momentos e superioridade.

“Estamos moi contentos coa evolución do noso deportista e afrontamos agora a súa preparación de cara aos internacionais para os que será convocado xa coa Selección Española”, din desde o club.



San Miguel acolleu a xornada de billarda que foi adiada o 2 de marzo

Por Daniel Rodríguez Saavedra
O XIII Aberto de billarda de Flores do pasado 2 de marzo que tivo que ser adiado, disputouse o día 23 no campo das Valgas de San Miguel con asistencia masiva de palanadores, subliñadamente un bo puñado de rapaces de corta idade, algúns que collían o palán por primeira vez. En total xuntámonos 80 xogadores, 51 homes, 19 donas e 10 cativos.

Terreo en boas condicións nun día frío e ventoso que aínda que para nada desluciu a competida xornada, si puxo atrancos ao voo das billardas facéndolles por veces bailar o seo antollo.

O actual Coroceiro Milio, rematou con 23 puntos ao igual que Noé e os dous agardaban ao remate da carreira de Basilio que ía de pleno, mais ao mariñán púidolle a presión e só fixo dous puntos que non

eran dabondo e só puido disputalo terceiro posto con Juanqui. Así pois nos desempates o resultado foi de Milio (Remourelle Bulls) primeiro, Noé (Troitas Bravas) segundo e Basilio (Billardeiros Musicais) terceiro. En donas, maxistral xornada de Vanesa (Castiñeiro Milenario). Con 21 puntos superou a Aroa (Billardeiros Musicais) e á súa compañeira de equipo e líder das donas Cris En infantís, botouse en falta os campións de Madia Leva (Diego e Mateu), o que permitiu que os Troitas Bravas coparan o podio infantil con Martín Sandonguero, Antía e Alba.

Por equipos mais unha volta mostraron ser superiores os Troitas Bravas, que con trinta participantes (o 37% do total), non deron chance a ningún equipo, Billarda Río Miño seguiron de lonxe e terceiros os Billardeiros Musicais.

As Pontes acolle o campionato galego EumeRaid

O Concello das Pontes converterase, durante os días 27 e 28 de abril de 2024, no centro neuráxico co campionato galego de raid coa celebración do EumeRaid, proba englobada nas ligas galega e española de raid de orientación.

Trátase dunha proba, na que se mesturan diferentes disciplinas deportivas (carreira a pé, trekking de montaña, ciclismo de montaña e o piragüismo), baixo o marco da orientación. As persoas participantes, organizadas en grupos mixtos conformados por tres atletas deberán percorrer unha distancia aproximada de 140 quilómetros e salvar un desnivel positivo de 4.000 metros para localizar os puntos de control dispostos pola organización da proba só coa axuda de mapas de orientación e un compás.

É unha carreira multiaventura, nonstop, que terá unha duración aproximada de 23 horas, tempo necesario, segundo a organización da proba, para completar o percorrido completo. O equipo gañador investirá unhas 15 horas en completar a proba.

O Concello das Pontes apunta a importancia desta proba para “dar a coñecer a potencialidades non só das Pontes senón de todo a comarca do Eume para o deporte da orientación e, por extensión consolidar o noso municipio como escenario de grandes eventos deportivos cunha repercusión nacional”.

A Copa Deputación mantén a representación nas catro categorías

A provincia de Lugo viviu unha nova sesión da Copa Deputación de fútbol, na que foi a fase de oitavos para as categorías de Preferente e Primeira e para Segunda e Terceira. Ademais, os clubs femininos disputaron a fase de cuartos.

Así, hai xa no primeiro grupo oito equipos escollidos para a seguinte fase da competición, que se disputará o 1 de maio. Con vitoria clara pasaron o Foz e o Chantada, mentres que pola mínima estarán na seguinte fase o Milagrosa, o Santaballés e o Ribadeo. Por penaltis seguirán na pelexa o Escarirón e o Lemos. Quedan por tanto dous representantes da Preferente para a seguinte rolda o Lemos e o Ribadeo. Estes súmanse ao Chantada Atlético que xa se clasificara en febreiro.

No grupo de Segunda e Terceira, só



quedan dous equipos de Terceira para cuartos, o Rubián e o Piringalla, que se clasificaron na rolda de penaltis. De segunda tamén pasou por penaltis o Iberia. A maior vantaxe no marcador foi para a Comercial, pero tamén gañaron con claridade o Becerreá e o Friol. Con resultados axustados lograron a clasificación o

Candelaria e o Antas.

Na feminina disputouse a fase de cuartos par ter as primeiras semifinalistas. O Antas e o PM Friol B gañaron cunha abrumadora maioría mentres que o Lugo B pasou pola mínima. Queda por saber o resultado do San Lázaro-Monforte, que se disputará o día 1 de maio tamén.

O VI Rallye Mariña Lucense será en maio

A VI edición do Rallye Mariña Lucense, celebrarase o 10, 11 e 12 de maio. Está organizada pola Escudería Mix Rallye Sport e é puntuable para o Campionato de Galicia de Rally. O seu primeiro gañador foi Iago Camañó e o piloto máis laureado é Víctor Senra. A súa base estará no Concello de Viveiro e transcorrerá tamén polos concellos de Xove, Cervo, O Vicedo, Muras e Oural.

Contan que para esta sexta edición se repitan o gran número de pilotos, que na quinta edición foi de 86 pilotos e 36 escudaría inscritas, entre os que destacaban nomes como os de Víctor Senra ou Alberto Rey, os dous primeiros clasificados do campionato autonómico.

Quedada BTT Castro o 13 de abril

O club ciclista BTT Castro celebrará o 14 de abril a sexta edición da súa quedada anual. A proba consistirá nunha ruta cicloturista polo Concello de Castro de Rei, na case a súa totalidade que non terá carácter competitivo, polo que non será cronometrada. O obxectivo desta actividade será o de facer unha excursión á que poda sumarse o maior número de amantes do ciclismo posible.

A saída está prevista ás 9.30 horas da carballeira de Castro Ribeiras de Lea, na que os participantes poderán tomar un café. A organización anunciou que este ano haberá unha pinchada final con sesión vermú. Este ano a ruta constará duns 50 km cun desnivel positivo acumulado de 1400 metros.

Comezan os play off en Terceira e ultiman a Liga en Primeira e Segunda

Deron comezo os play off para a categoría de Terceira Galicia. Durante catro xornadas xogaranse as eliminatorias que permitirán a dous equipos, un do grupo Norte e outro do Sur, xogar o ano que vén en Segunda, logo do ascenso directo de Barreiros, Casás, O Páramo e Rubián. No grupo norte arracan con dous enfrontamentos de semifinais, que serán a ida e volta, Castroverde-Goiriz e Piringalla-Rioaveso. No sur, os duelos iniciais serán Río Sil-Sober e Santa Comba-Corgo. Os gañadores das semifinais enfrontaranse, tamén a dobre volta, nas finais.

O resto de equipos da categoría xogan unha liguiña de consolación repartidos en varios grupos, que no

implicará ningún tipo de recompensa deportiva. Este proceso realízase mentres se disputan as seis xornadas que quedan para os grupos de Segunda Galicia, liderados no norte polo Pastoricense e no sur polo Oural, que de quedar campións ascenderían directamente.

Polo momento, os clasificados para xogar despois os play off son Iberia (definitivo), Vilalbés B, San Ciprián e Folgueiro, no norte. No sur, a pelexa está polo momento de parte de Becerreá, Brollón, San Lázaro e Antas. Sete xornadas quedan para a Primeira, na que o Pol goberna con vantaxe a táboa, seguidos de Burela e Escarirón, que están colocados en zona de play off.

Adrián López e Ainara Rodríguez gañan a carreira Guitiriz Termal

Adrián López e Ainara Rodríguez proclamáronse gañadores absolutos da XIV Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal organizada polo Concello, en colaboración co Club Atletismo Guitiriz e coa Xunta Local de Loita Contra o Cancro de Guitiriz, na que participaron en total preto de 300 persoas.

Na categoría sub 10 os vencedores foron Roberto Fernández e Mireia Díaz, en sub 12, gañaron Lucas Lage e Noa Abella. En sub 14 remataron en primeiro posto Olaya Prado e

Fran Miragaya, e en sub 16 fixérono Hugo Ferro e Nerea Braña. Na modalidade sub 18 o triunfo recaeu en Ramón Loureiro e Aldara Ceide. Na proba senior Adrián Suárez e Susana Abelleira encabezaron a proba, mentres que nas probas máster os vencedores foron Esteban Díaz e María Álvarez e no primeiro; Roberto Vale e Elvira Cereijo no segundo Javier Toro no Máster 3.

A cantidade total recadada a través das inscricións e da Fila 0 irá a parar á Loita Contra o Cancro de Guitiriz.

EN BREVE



CARREIRA SAN XOSÉ. As Pontes acolleu unha nova carreira de San Xosé, animada polo bo tempo logo dunha intensa choiva de madrugada. Os gañadores absolutos foron Hugo García (Portugalete), seguido de Pablo Bocelo (Gimnástica Pontevedra) e David de la Fuente, mentres que no feminino foi Tina Fernández (Compostela), seguida de Karyna Yevtushenko e Andrea Díaz (Ría Ferrol). Pola súa banda os mellores ponteses foron Esteban Díaz (Atletismo Narón), oitavo, e Isa Díaz (Trieume), décima.



VELA. Alba Abril e María Lefler, as dúas regatistas do club pontés aínda en idade xuvenil, como integrantes da selección galega Real Federación Galega de Vela, veñen de proclamarse campioas de España na categoría feminina da clase vaurien na 60 edición do Campionato de España que se disputou en augas da ría de Vigo. Ademais, o adestrador do CVF As Pontes Nano de Andrés foi recoñecido co trofeo Teresa Landín, trofeo á deportividade e ó comportamento exemplar neste eido. Polo demáis gran traballo do resto da flota pontesa, todos xuvenís, foron David Villaverde e Antón Dopico (26º absoluto/8º sub-17), Jimena Abril e Ana Lefler (27º absoluto/9º sub-17), e Alejandro Villaverde e Telmo Vizoso (29º absoluto/8º sub-23).



TENIS DE MESA. O CPI Dr. López Suárez de Friol segue a diversificar a posibilidade de que os e as estudantes tomen contacto co máximo número de deportes posibles e por iso puxeron en marcha un grupo de tenis de mesa. Nace, deste xeito, o quinto equipo de competición do noso centro educativo, xestionado integramente todos polos profesores do mesmo.



RECEPCIÓN. O Concello das Pontes ofreceu unha recepción oficial aos deportistas ponteses Adair Legaspi Bellas e Bernardo Gonçalves Oliveira. O ximnasta Bernardo Gonçalves Oliveira, do Club Danigal Rítmica As Pontes, é campión galego de Base na categoría Benxamín masculino, conseguido así o pase o campionato nacional que se celebrará en Valencia este mes. Pola súa banda, Adair Legaspi, xogadora do equipo pontés Lago DVSport, formou parte da Selección Galega Sub-12 de fútbol sala feminino, que se proclamou subcampioa de España de seleccións autonómicas, sendo a futbolista pontesa das máis destacadas do combinado galego.

DE RUTA EN RUTA

Rábade: A ruta dos tres municipios

Parte da Lagoa do Rei e atravesa tamén os concellos de Begonte e Outeiro de Rei durante un percorrido de 8,5 quilómetros

Aruta dos tres municipios é un percorrido deseñado polos alumnos do Colexio Especial de Santo Anxo e que recibe este nome porque pasa polas terras de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei. Conta con 8,5 quilómetros para desfrutar da paraxe natural e patrimonial desta contorna de dificultade baixa e aproximadamente dúas horas de duración.

A Lagoa de Rei é o punto de inicio deste percorrido, un enclave natural que forma parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño e que durante os últimos anos, a través do programa Life Fluvial da UE recibiu varias melloras, entre as que se atopou o acondicionamento do observatorio de aves. Ademais, tamén se mellorou o trazado de unión da mesma co río Miño e coa ruta perimetral rabadense, unha que percorre todo o termo municipal.

Antes de dar comezo a esta ruta dos tres municipios poderemos facer unha pequena visita en Rábade para coñecer o seu patrimonio cultural, entre o que se atopan dúas casas e unha capela propie-



dade da familia González-Barreira. Ademais, poderemos ver o Pazo de Miraflores, unha estrutura rectangular de dúas plantas que loce na súa fachada principal e na galería lateral sendos escudos. Tamén as tres pontes que cruzan o leito do Miño, unha delas posiblemente de orixe romano.

Desde este punto tomaremos dirección oeste e continuaremos o camiño que atravesa a zona de Carpaciñas, onde poderemos observar unha pequena ermida. Seguindo o itinerario chegaremos a Santo Estevo de Uriz, onde podemos facer unha pequena parada para visitar a igrexa parroquial. Esta construción eclesiástica foi moi remodelada recentemente, e conta con planta de cruz latina ademais dun retablo maior e dous laterais.

Volvendo ao camiño, deberemos percorrer uns cantos metros para tomar unha pequena desviación a man esquerda onde as casas de

pedra conformarán a paisaxe durante este tramo ata que un novo sendeiro nos achegará ata a beira do río Ladra, importante afluente do Miño. Xusto neste punto poderemos observar un vello muíño.

Aquí dá comezo un tramo dun quilómetro no que atoparemos o regato das Regas e o noso itinerario continuará pola dereita ata chegar a un grupo de casas que xa pertence ao lugar de Caboi. Den-

de aquí tomaremos unha desviación á dereita que nos conducirá de volta a Santo Estevo de Uriz e Astariz. Para rematar, xiraremos á esquerda e o camiño levaranos de volta ao punto de partida.



DATOS



2 horas



8,5 quilómetros



Dificultade baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05